



EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

ÁREA DE ECONOMÍA, RECADACIÓN, FACENDA E ESPECIAL DE CONTAS. SERVIZO DE XESTIÓN, RECADACIÓN E INSPECCIÓN TRIBUTARIA

Anuncio

- E D I C T O -

NOTIFICACIÓN COLECTIVA DE DÉBEDAS TRIBUTARIAS DE VENCEMENTO PERIODICO.

De conformidade co establecido no artigo 102.3 da Lei 58/2003, xeral tributaria, do 17 de decembro, notificase colectivamente a liquidación dos ingresos públicos e concellos que se citan:

NAVIA DE SUARNA	2º- <i>semestre-2022</i>	Taxa de suministro de auga, e Canon auga Xunta de Galicia.
NAVIA DE SUARNA	2º- <i>trimestre-2023</i>	Taxa de recollido de lixo.

Os Padróns poderán ser consultados polos interesados na Deputación Provincial de Lugo/ Servizo de Xestión, Recadación e Inspección Tributaria (Ronda Muralla, núm. 140- Pavillón 1- CP 27004- Lugo) e no Concello correspondente, durante o prazo de QUINCE DIAS contados a partir da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

As liquidacións obxecto de notificación colectiva teñen carácter provisional segundo o disposto no art. 101.4 da Lei Xeral Tributaria e, en contra destas, poderase interpoñer recurso de reposición perante o órgano competente do Concello, no prazo DUN MES, a contar dende o día seguinte da finalización do prazo de exposición. Poderase exercer, non obstante, calquera outro recurso que se considere procedente. Todo iso, en virtude co establecido no art. 14.2 do Texto refundido da Lei reguladora das Facendas locais.

O Presidente, P. D. Decreto, de data 24/07/2019 A Deputada Delegada de Economía, Recadación, Facenda e Especial de Contas, Mayra García Bermúdez .

ANUNCIO DE COBRANZA

Recadacion en período voluntario de débedas tributarias de vencemento periódico.

De conformidade co establecido nos artigos 24 e 25 do Regulamento xeral de recadación, aprobado por Real decreto 939/2005, do 29 de xullo, comunicase que o prazo de ingreso en período voluntario de Taxas e Prezos Públicos, relacionados abaixo, empezará a contar o día 19/07/2023 e finalizará o día 19/09/2023, ambos os dous incluídos.

Relación de tributos e concellos:

NAVIA DE SUARNA	2º- <i>semestre-2022</i>	Taxa de suministro de auga, e Canon auga Xunta de Galicia.
NAVIA DE SUARNA	2º- <i>trimestre-2023</i>	Taxa de recollido de lixo.

O ingreso das débedas realizarase en calquera oficina da Entidade ABANCA, "La Caixa" - Caixabank SA, Banco Bilbao Vizcaya Argentaria S. A. (BBVA) e Banco Sabadell S.A., en días laborables, de luns a venres, de 08:30 a 14:00 h, na que se presentará o documento de ingreso que se envía, por correo, aos domicilios dos contribuíntes. As persoas que non reciban ou extravién o documento de ingreso, poderán solicitar un novo na oficina da entidade bancaria e realizarán, igualmente, o pagamento. O ingreso poderá realizarse por calquera canle habilitada en horario ampliado (caixeiros automáticos, internet, banca electrónica).

Tamén pode realizarse o pago na Sede Electrónica da Deputación, Portal do Contribuínte, por delegación do seu Concello, que é o que envía o Padrón para o cobro. Ou mediante xiro postal dende calquera oficina de Correos (Sociedad Estatal Correos y Telégrafos).

O pagamento dos citados tributos poderase domiciliar, para anos sucesivos, en caixas de aforros, bancos e demais entidades financeiras. Para este trámite será necesario cubrir o impreso de domiciliación que acompaña ao

documento cobratorio e remitilo ao Servizo de Xestión Tributaria e Recadación, ou ben entregalo en calquera das entidades citadas, cando a domiciliación se refira a unha conta aberta nas mesmas.

Infórmase tamén que, transcurrido o prazo de ingreso en período voluntario, as débedas faranse efectivas pola vía de constrinximento e serán esixibles as recargas do período executivo e os xuros de mora correspondentes, tal como estipulan os artigos 26 e 28 da Lei 58/2003, do dezasete de decembro, xeral tributaria e, se é o caso, as custas que se produzan.

A falta de pagamento do Canon da Auga e do Coeficiente de Vertedura, no período voluntario sinalado suporá a esixencia do mesmo directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia. A repercusión do canon da auga e do Coeficiente de Vertedura poderá ser obxecto de reclamación económico administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo dun mes dende esta notificación.

Lugo, 28 de xuño de 2023.- O Presidente, P. D. Decreto, de data 24/07/2019 A Deputada Delegada de Economía, Recadación, Facenda e Especial de Contas, Mayra García Bermúdez.

R. 2095

CONCELLOS

FOZ

Anuncio

Decretos organizativos do Concello de Foz

O Alcalde do Concello de Foz con data 04 de xullo de 2023, ditou os seguintes Decretos organizativos que se publican en extracto en cumprimento da normativa vixente:

1º Decreto de Alcaldía 2023-0589

[...]

PRIMEIRO.- Revogar o Decreto da Alcaldía nº 2019-0363 e calquera modificación posterior do mesmo, polo que se determinaba a composición e competencias da Xunta de Goberno Local.

SEGUNDO.- Que a Xunta de Goberno Local, presidida por esta Alcaldía, estará integrada polos 5 concelleiros que a continuación se indican:

Francisco Xavier Fanego Bermúdez

Inés López Couto

Ángel Fernández Neira

Ana Matea Rojo Eijo

Zoraida Coira Vázquez

TERCEIRO.- A Xunta de Goberno Local celebrará sesión ordinaria unha vez cada quince días, os primeiro e terceiro martes de cada mes ás 10.00 horas. Non obstante, se as circunstancias o aconsellaran, a xuízo do Alcalde, poderá este convocar a sesión con carácter de ordinaria un día distinto da semana e á hora que estime adecuada, respectando sempre a periodicidade mínima antes establecida e as normas legais sobre forma e prazos das convocatorias.

En particular, serán criterios a ter en conta pola Alcaldía para a convocatoria das ordinarias para día distinto do establecido como preferente, o feito de que tal día sexa festivo, a conveniencia dun maior estudo dos asuntos que se prevea tratar, a urxencia dos asuntos e calquera outros que xustifiquen razoadamente a decisión. Asemade a Xunta celebrará sesións extraordinarias e reunións deliberantes cando con tal carácter sexan convocadas polo seu Presidente.

O Alcalde poderá suspender a celebración das sesións da Xunta de Goberno Local do mes de agosto e alterar as de Semana Santa e Nadal, como consecuencia dos períodos vacacionais, cando isto non menoscabe a xestión dos asuntos municipais.

CUARTO.- Delegar as seguintes atribucións do Alcalde na Xunta de Goberno Local:

- O outorgamento das licencias urbanísticas, salvo que as leis sectoriais o atribúan expresamente ó Pleno ou á Xunta de Goberno Local.

QUINTO.- As competencias delegadas exerceranse pola Xunta de Goberno Local mediante a adopción de acordos na forma determinada polo art. 113 do citado Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais, aprobado por R.D. 2568/1986, de 23 de novembro. Sen prexuízo do dito, esta Alcaldía

resérvase a avocación daqueles asuntos que polas súas características particulares ou pola urxencia que tivesen deberan ser resoltos con prontitude e celeridade.

Efectos: Os acordos adoptados nas materias delegadas terán pleno efecto e o mesmo valor que as resolucións que dite a Alcaldía en exercicio das atribucións que non delegara.

SEXTO.- Comunicar esta resolución a todos os concelleiros afectados e ós diferentes servizos municipais, para o seu coñecemento e efectos.

SÉTIMO.- Dar conta ó Pleno desta resolución, na sesión extraordinaria que se convoque para dar cumprimento ó previsto polo artigo 38 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

OITAVO.- A presente delegación de atribucións producirá efecto dende o día da celebración do pleno municipal de organización, sen prexuízo da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

2º Decreto de Alcaldía 2023- 0609 de rectificación de erro do Decreto de Alcaldía 2023-0590

[...]

PRIMEIRO.- Nomear tenentes de alcalde deste Concello, ós concelleiros membros da Xunta de Goberno Local que a continuación se relacionan, que substituirán esta Alcaldía nos casos de vacante, ausencia ou enfermidade:

Primeiro tenente de alcalde: D. Francisco Xavier Fanego Bermúdez

Segunda tenente de alcalde: Dña Inés López Couto

Terceiro tenente de alcalde: D. Ángel Fernández Neira

SEGUNDO.- Corresponde os/as tenentes de alcalde , en canto tales, substituír a este alcalde na totalidade das súas funcións e pola orde de nomeamento, nos casos de ausencia, enfermidade ou impedimento que lle imposibilite para o exercicio das súas atribucións, así como desempeñar as funcións de alcalde nos supostos de vacante na Alcaldía ata que tome posesión o novo alcalde.

TERCEIRO.- A estes efectos, esta Alcaldía, cando teña que ausentarse do termo municipal, establecerá mediante Decreto, a duración da súa ausencia, designando ó tenente de alcalde que teña que asumir as súas competencias.

De non conferirse esta delegación expresamente, esta Alcaldía será substituída pola segunda tenente de alcalde.

CUARTO.- Comunicar esta Resolución de Alcaldía ós tenentes de alcalde afectados, facéndolles constar que terán que manter informada a esta Alcaldía do exercicio das súas atribucións como Alcalde accidental, non podendo no citado exercicio, nin modificar as delegacións xa efectuadas por esta Alcaldía con anterioridade, nin outorgar outras novas.

QUINTO.- Dar conta ó Pleno do Concello desta resolución na sesión extraordinaria que se convoque, en cumprimento do previsto polo artigo 38 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

SEXTO.- De conformidade co disposto no artigo 46 do citado Regulamento, os nomeamentos efectuados producirán efectos dende o día 04 de xullo de 2023, sen prexuízo da súa preceptiva publicación no Boletín Oficial da Provincia, dando conta ó Pleno, na próxima sesión que se celebra.

3º Decreto de Alcaldía 2023-0591

[...]

PRIMEIRO.- Encomendar a coordinación das distintas delegacións ao Alcalde- Presidente, D. Francisco Cajoto Caserio, tendo con carácter específico a delegación en "Urbanismo. Obras (inclúe desbroce de camiños). Seguridade Cidadá"

SEGUNDO.- Establécense as seguintes Delegacións por áreas de xestión e servizos municipais:

Primeiro tenente de alcalde: D. Xavier Fanego Bermúdez. Concelleiro delegado en "Medio ambiente e Patrimonio".

Segunda tenente de alcalde. Dña. Inés López Couto. Concelleira delegada en "Economía, Facenda e Cultura" (inclúe Biblioteca, Museos e Escola de Música).

Terceiro Tenente de Alcalde: D. Ángel Fernández Neira. Concelleiro delegado en "Servizos Públicos (inclúe abastecemento, alumado, parques e xardíns e limpeza viaria) e Festas".

Dña. Ana Matea Rojo Eijo. Concelleira delegada en "Servizos Sociais e Benestar, Inclusión e Inmigración"

Dña. Elena Martínez Pena. Concelleira delegada en "Muller e Igualdade, Participación Cidadá e Aula Universitaria".

D. Carlos García Rodríguez. Concelleiro delegado en "Relacións Institucionais, Comunicación e Coordinación da Axenda 2030".

Dña. Khaterina Asunción Alonso Machado. Concelleira delegada en "Turismo, Comercio e Sanidade".

D. Simeón Neira López. Concelleiro delegado en “Deporte e Mar”

D. Benito García Bolaño. Concelleiro delegado en “Medio Rural”..

Dna. Zoraida Coira Vázquez. Concelleira delegada en “Educación, xuventude e normalización lingüística”.

TERCEIRO.- As delegacións de atribucións nos concelleiros abranguen a facultade de dirixir e xestionar os servizos correspondentes, pero non inclúiran a facultade de resolver fronte a terceiros mediante actos administrativos e sen autorización do gasto.

CUARTO.- As atribucións delegadas deberanse exercer nos termos e dentro dos límites desta delegación, non sendo susceptibles de ser delegadas polos seus titulares noutro órgano ou concelleiro. E neste caso a Alcaldía poderá mandar ás distintas delegacións determinadas funcións específicas que sexan determinadas puntualmente pola Alcaldía.

Terase a obriga de manter informado puntualmente á Alcaldía das resolucións que se adopten por delegación.

SEXTO.- Estas delegacións, de conformidade co disposto polo artigo 44 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, terán efecto dende o día seguinte á data de notificación deste Decreto ós concelleiros afectados, sen prexuízo da potestade de avocación desta Alcaldía.

SÉTIMO.- Notificar este decreto ós concelleiros afectados, entendéndose aceptada a competencia delegada de forma tácita se, dentro do prazo das 24 horas seguintes, non se manifesta nada en contra ou se fai uso da delegación.

OITAVO.- Dar conta ó Pleno na primeira sesión que teña lugar do presente decreto, que producirá efecto dende o día seguinte ó da súa data en prexuízo da súa preceptiva publicación no BOP, conforme o disposto no art. 44 do RD 2568/1986 e notificación os designados.

Foz, 10 de xullo de 2023.- O alcalde, Francisco Cajoto Caserío.

R. 2261

Anuncio

Organización e funcionamento do Concello de Foz

O Concello de Foz en sesión extraordinaria de pleno celebrada o día 07 de xullo de 2023, acadou os seguintes acordos organizativos que se publican en extracto en cumprimento da normativa vixente:

1º Expte. 1334/2023

[...]

PRIMEIRO.- Deixar sen efecto tódalas delegacións que se tivesen realizado a prol da Xunta de Goberno Local por parte do Pleno da Corporación con anterioridade ó presente acordo.

SEGUNDO.- Delegar na Xunta de Goberno Local as seguintes competencias do Pleno, en virtude do artigo 22.2 da Lei Reguladora das Bases de Réxime Local:

1º.- A aprobación dos proxectos de obras e servizos cando sexa competente para a súa contratación ou concesión, e cando aínda non estean previstos nos orzamentos.

TERCEIRO.- As delegacións referidas efectúanse nos termos do réxime xeral establecido no ROF, abarcando tanto as facultades de dirección e xestión como a de resolución mediante actos e acordos administrativos que afecten a terceiros, así como, a resolución de recursos presentados contra actos ditados por delegación

CUARTO.- Proceder a notificar o presente acordo ao órgano delegado, de conformidade co establecido no artigo 114 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, así como á súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, segundo o disposto no artigo 51 da norma citada.

2º Expte. 1337/2023

[...]

PRIMEIRO.- Determinar como funcións representativas cuxo desempeño poderá comportar a aplicación do réxime de dedicación exclusiva, no seu número, así como, nas súas retribucións máximas atendendo á súa responsabilidade, nas seguintes:

Funcions representativas	Número máximo	Retribución bruta anual
Alcaldía	1	47.921,16 euros

As retribucións anteriores distribuiranse en catorce mensualidades anuais, coa mesma periodicidade establecida para os empregados públicos municipais, e incrementaranse cada ano no mesmo porcentaxe prevista polos Orzamentos Xerais do Estado para o persoal funcionario.

Os membros do Concello aos que se aplique o réxime de dedicación exclusiva, ademais de percibir as retribucións fixadas polo Pleno, serán dados de alta no réxime xeral da Seguridade Social, asumindo o Concello o abono das súas cotas empresariais, incluída a protección por desemprego, ou, cando corresponda, das cotizacións das mutualidades obrigatorias, sen prexuízo, cando legalmente proceda, do abono dos trienios ou concepto retributivo da antigüidade equivalente.

Así mesmo, aplicarase o incremento retributivo adicional vinculado a evolución do PIB, que se aprobe para o persoal do sector público sempre que non supere o máximo legal establecido en concepto de retribucións nas correspondentes leis de orzamentos do estado.

Teñen así mesmo prohibido a realización doutras actividades remuneradas públicas ou privadas, coas soas excepcións previstas na normativa de incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas.

SEGUNDO.- Determinar como funcións representativas cuxo desempeño poderá comportar a aplicación do réxime de dedicación parcial, no seu número, así como, nas súas retribucións máximas atendendo á súa responsabilidade, nas seguintes:

Funciones representativas	Número máximo	Dedicación mínima	Dedicación máxima	Retribución bruta anual
Alcaldía	1	25%	75%	Entre 11.980,29 € (25%) e 35.940,87 € (75%)

Funciones representativas	Número máximo	Dedicación mínima	Dedicación máxima	Retribución bruta anual máxima
Concellerías Delegadas	4	25%	50%	Entre 11.980,29 € e (25%) 23.960,58 € (50%)

As retribucións anteriores distribuiranse en catorce mensualidades anuais, coa mesma periodicidade establecida para os empregados públicos municipais, e incrementaranse cada ano no mesmo porcentaxe prevista polos Orzamentos Xerais do Estado para o persoal funcionario.

Os membros do Concello aos que se aplique o réxime de dedicación parcial, ademais de percibir as retribucións fixadas polo Pleno, serán dados de alta no réxime xeral da Seguridade Social, asumindo o Concello o abono das súas cotas empresariais, incluída a protección por desemprego, ou, cando corresponda, das cotizacións das mutualidades, sen prexuízo, cando legalmente proceda, do abono dos trienios ou concepto retributivo da antigüidade equivalente.

Así mesmo, aplicarase o incremento retributivo adicional vinculado a evolución do PIB, que se aprobe para o persoal do sector público sempre que non supere o máximo legal establecido en concepto de retribucións nas correspondentes leis de orzamentos do estado.

TERCEIRO.- En aplicación do anteriormente exposto, acordase asignar ao Alcalde unha dedicación exclusiva por importe bruto de 47,921,16 euros ao ano; unha dedicación parcial do 50% e 18 horas á semana, á segunda tenencia de alcaldía con delegación en “economía e facenda; cultura” por un importe bruto de 23.960,58 euros ao ano; e finalmente, unha dedicación parcial do 50% e 18 horas á semana, á concellería delegada de “educación, xuventude e normalización lingüística” por un importe bruto de 23.960,58 euros ao ano.

O alcalde poderá modificar mediante resolución, os réximes de dedicación exclusiva e de dedicación parcial aos membros do Concello que corresponda, dando conta ao Pleno, cos seguintes condicionantes: non poderá asignar simultaneamente máis de unha (1) única dedicación exclusiva e a un máximo de catro (4) dedicacións parciais, de modo que o importe total a repartir en ningún caso superaría os 95.842,32 euros brutos no ano 2023.

A alcaldía mediante a dita resolución, non poderá asignar simultaneamente máis de unha (1) única dedicación exclusiva e a un máximo de catro (4) dedicacións parciais, de modo que o importe total a repartir en ningún caso superaría os 95.842,32 euros brutos no ano 2023.

CUARTO.- Revogar o acordo de Pleno, relativo ás dedicacións dos membros do Concello para o mandato 2019-2023, así como as súas modificacións.

QUINTO.- Expedir certificado deste acordo para a súa conservación na Secretaría Xeral.

SEXTO.- Dar traslado deste acordo ao Departamento de Persoal e á Intervención municipal.

SÉTIMO.- Publicar este acordo no taboleiro de anuncios electrónico e no portal de transparencia, así como en extracto no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

3º Expte. 1338/2023

[...]

PRIMEIRO.- Fixar as asistencias pola concorrencia efectiva a sesións de órganos colexiados de que formen parte, nas seguintes:

- Sesións de Comisións informativas e Comisión Especial de Contas: 40 €.
- Xunta de Goberno Local: 40 €.
- Sesións de Pleno Municipal: 95€.

No caso de coincidir un mesmo concelleiro en varias sesións de distintos órganos colexiados celebradas no mesmo día ou a celebración de varias sesións dun órgano colexiado nun mesmo día, soamente percibirase indemnización pola asistencia a unha das sesións, que será a de maior valor económico.

SEGUNDO.- Fixar como indemnizacións a percibir polos membros da Corporación como gastos de viaxe por uso do vehículo particular en comisión de servizo, a cantidade que resulte a razón de 0,19 € por quilómetro percorrido.

Sinalar como indemnización diaria polos gastos ocasionados polo exercicio do cargo polas xestións que esixan o desprazamento dentro ou fora do termo municipal do Alcalde ou Concelleiros e á súa xustificación o establecido no Decreto 462/2002, de 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo, ou normativa que a substitúa, nas contías que se sinalen para o Grupo I.

	Cuantías en euros nas dietas dentro do territorio nacional			
	Por aloxamento	Por manutención	Dieta entera	Media dieta
Grupo 1	102,56	53,34	155,9	26,67
	Cuantías en euros nas dietas fora do territorio nacional			
	O sinalado no Real Decreto 462/2002, de 24 de marzo			

As ditas cuantías, serán actualizadas sen necesidade de novo acordo por parte do pleno no caso de ser modificado o Real Decreto 462/2002, ou ben, ser ditado un novo en substitución do mesmo.

TERCEIRO.- Publicar o presente acordo no BOP e no taboleiro de anuncios do Concello, de acordo co previsto no art. 75.5 LRBRL.

Foz, 10 de xullo de 2023.- O alcalde, Francisco Cajoto Caserío.

R. 2262

FRIOL

Anuncio

APROBACIÓN PADRÓN DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR DO MES DE XUÑO DE 2023

A Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada o día 8 de xullo de 2023, prestou aprobación ao Padrón do Prezo Público do Servizo de Axuda no Fogar do mes de XUÑO de 2023, por un importe total de 6.876,05 €uros.

Segundo o disposto no artigo 102.3 da Lei xeral tributaria, por medio do presente ponse en coñecemento dos contribuíntes obrigados ao pagamento do prezo público, que dispoñen dun prazo de 15 días, contados a partir da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, ao obxecto de que poda ser examinado e presentar as reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevados a definitivos se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formulase ningunha reclamación.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 223.1 da Lei xeral tributaria, poderán interpoñer recurso de reposición perante o Sr. Alcalde-Presidente, no prazo dun mes, que comezará a contar dende o día seguinte ao do remate do período voluntario de pagamento.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei

Reguladora da referida xurisdición. No entanto, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

Inícase así mesmo o procedemento de recadación, séndolles adebedados os correspondentes recibos no respectivo número de conta bancaria

Friol, 12 de xullo de 2023.- O Alcalde, José Ángel Santos Sánchez.

R. 2263

LUGO

Anuncio

En virtude do artigo 220.2.c) do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o regulamento de desenvolvemento da Lei do solo de Galicia, faise público o acordo de aprobación definitiva "6/455 Proyecto de obras ordinarias de acceso a edificación rúa San Isidro Labrador - rúa Túnel de Oural. Lugo", adoptado pola Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria celebrada o día 28 de xuño de 2023, cuxa parte dispositiva, establece, entre outros extremos, o seguinte:

"PRIMEIRO.- Aprobar definitivamente, de conformidade co establecido nos artigos 96 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia e 226 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o seu regulamento de desenvolvemento, o "Proyecto de obras ordinarias de acceso a edificación rúa San Isidro Labrador - rúa Túnel de Oural. Lugo", subscrito polos arquitectos don Julio Fernández Rivas e don Martín Morán Bande, cun presuposto de execución material de 8.200,00 €, de conformidade cos informes emitidos polos servizos de Arqueoloxía do 12 de novembro de 2019, de Arquitectura do 30 de xuño de 2021, de Topografía do 2 de maio de 2021 e do 31 de marzo de 2023, e de Enxeñería do 31 de marzo de 2023, anteriormente transcritos, e que se dan por reproducidos como parte integrante deste acordo.

SEGUNDO.- Determínanse como condicionantes da aprobación deste proxecto que deberán ser cumpridos polo interesado durante a execución das referidas obras, as descritas nos informes dos servizos de Arqueoloxía do 12 de novembro de 2019, de Arquitectura do 30 de xuño de 2021, de Topografía do 2 de maio de 2021 e do 31 de marzo de 2023, e de Enxeñería do 31 de marzo de 2023, anteriormente transcritos e, así mesmo, os seguintes:

- O prazo de execución deste proxecto será de 3 MESES, contados dende a notificación da súa aprobación definitiva.
- Determínase como período de garantía das obras de urbanización que se executen ao abeiro deste proxecto o **dun ano**, contado dende a súa recepción polo Concello.
- Deberá comunicarse o inicio das obras ao Servizo de Enxeñería Municipal, así como á Policía Local para o oportuno seguimento delas.
- Deberá comunicarlles por escrito o comezo das obras ás empresas de subministración (BEGASA, TELEFÓNICA, GAS GALICIA, R-GRUPO CABLE e outras) para facilitar o completamento das súas redes no caso que sexa necesario con antelación á colocación de firmes e pavimentos.

TERCEIRO.- Publicar o acordo de aprobación definitiva do "Proyecto de obras ordinarias de acceso a edificación rúa San Isidro Labrador - rúa Túnel de Oural. Lugo", no Boletín Oficial da Provincia, e isto en virtude do artigo 220.2.c) do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o regulamento de desenvolvemento da Lei do solo de Galicia.

CUARTO.- Notifíquesele esta resolución ao promotor do referido proxecto de urbanización, coa indicación de que esta pon fin a vía administrativa e de que contra ela pode interpoñer os seguintes recursos:

- Recurso contencioso-administrativo, nun prazo de **dous meses**, contados dende o día seguinte ao da notificación deste acto, ante o xulgado da dita xurisdición de Lugo (artigo 8 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa), así como as demais accións legais que estime pertinentes.
- Malia o anterior, e con carácter previo, poderase interpoñer o recurso potestativo de reposición previsto no artigo 123 da Lei 39/2015, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ante a Xunta de Goberno Local e no prazo de **un mes**, contado dende o día seguinte ao da notificación deste acto.

No caso de que se interpuxese o recurso de reposición, non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se produza a desestimación presunta do devandito recurso de reposición (artigo 123 da Lei 39/2015, do procedemento administrativo común das administracións públicas)."

Lugo, 5 de xullo de 2023.- A Alcaldesa. P.D. A tenenta de alcaldesa delegada da Área de Sostibilidade Urbana e Recursos Internos do Excmo. Concello de Lugo (Decreto 5756/2023, de 21 de xuño), dona Mercedes Paula Alvarellos Fondo.

R. 2264

Anuncio

Por acordo da Xunta de Goberno Local do día 5 de xullo de 2023, aprobouse, entre outros, o procedemento de licitación para a **AUTORIZACIÓN DA INSTALACIÓN DA CASETA E CALDEIRO DO POLBO Nº 2, DURANTE AS FESTAS DE SAN FROILÁN DO ANO 2023 CON POSIBILIDADE DE PRÓRROGA PARA O ANO 2024. EXPTE 2023-C005-000006**

Por medio deste anuncio dáse a coñecer a licitación conforme ás seguintes características:

1.- Entidade adxudicadora.

- a) **Organismo:** Excmo. Concello de Lugo.
 b) **Dependencia que tramita o expediente:** Servizo de Contratación e Patrimonio.

2.- Obxecto do contrato.

a) **Descrición do obxecto:** Regular a concesión de autorizacións para a instalación da caseta e caldeiro do polbo número 2, do plano do proxecto da Feira, no recinto feiral durante as Festas do San Froilán do ano 2023, con posibilidade de prórroga para o ano 2024.

b) **Prazo de duración:** Durante as festas do San Froilán do ano 2023.

3.- Tramitación, procedemento e forma de adxudicación.

- a) **Tramitación:** ordinaria
 b) **Procedemento:** aberto.

4.- Tipo de licitación:

Os prezos mínimos para a licitación das casetas e caldeiros do polbo serán os que a continuación se detallan:

CASETA	PREZO BASE MÍNIMO
Nº 2	8.842,05
CALDEIRO	PREZO BASE MÍNIMO
Nº 2	5.561,04

5.- Garantías:

- a) **Provisional:** 3% do prezo mínimo de saída.
 b) **Definitiva:** 5% do importe anual ofertado.

6. Obtención de documentación e información.

- a) **Entidade:** Concello de Lugo, Servizo de Contratación e Patrimonio.
 b) **Domicilio:** Ronda da Muralla, 197, 3ª planta.
 c) **Localidade e c.p.:** Lugo, 27002
 d) **Teléfonos:** (982) 29-71-43, 29-73-01, 29-71-44
 e) **Dirección internet:**

(https://contrataciondelestado.es/wps/poc?uri=deeplink%3Abusqueda_licitacion_vis&ubicacionOrganica=ol2NrbYOV10%3D.)

f) **Data límite de obtención de documentos e información:** Ata o remate do prazo de presentación de proposicións.

7.- Requisitos específicos dos contratista.

- a) **Outros requisitos:** Os sinalados nas bases técnicas.

8.- Presentación de ofertas ou das solicitudes de participación.

a) **Data límite de presentación:** O prazo de presentación de proposicións será de **VINTE días hábiles** contados dende a publicación do anuncio de licitación no perfil do contratante, aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público.

b) **Documentación que hai que presentar:** A que figura na cláusula oitava das bases técnicas.

c) Lugar de presentación:**1ª Entidade:** Concello de Lugo, Oficina de Rexistro, ou por correo postal.**2ª Domicilio:** Ronda da Muralla, 197**3ª Localidade e c.p.:** Lugo, 27002**9.- Apertura das ofertas.****a) Entidade:** Concello de Lugo**b) Domicilio:** Ronda da Muralla, 197 (3ª Planta)**c) Localidade:** Lugo**d) Data:** O acto público de apertura da documentación e oferta dos interesados celebrárase ó **segundo día hábil** posterior ó remate do prazo de presentación agás modificación publicada con antelación no perfil do contratante aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público. O devandito prazo ampliarase, no caso de ser necesario, ata o undécimo día, no suposto de recibirse regulamentariamente o aviso de presentación das proposicións por correo.

No caso de que a apertura e exame da documentación se realice en día distinto ó sinalado anteriormente, os licitadores serán convocados mediante inserción da convocatoria no perfil do contratante do Concello de Lugo cunha antelación mínima de 48 horas respecto á data da celebración da sesión.

10.- Outras informacións: As que se recollen nas bases técnicas.

Lugo, 12 de xullo de 2023.- A TENENTA DE ALCALDESA DELEGADA DA ÁREA DE SOSTIBILIDADE URBANA E RECURSOS INTERNOS, Mercedes Paula Alvarellos Fondo.

R. 2265

*Anuncio*Por acordo da Xunta de Goberno Local do día 5 de xullo de 2023, aprobose, entre outros, o procedemento de licitación para a **AUTORIZACIÓN DA INSTALACIÓN DE ATRACCIÓN E POSTOS DURANTE AS FESTAS DE SAN FROILÁN DO ANO 2023 CON POSIBILIDADE DE PRÓRROGA PARA O ANO 2024. EXPTE 2023-C005-000007.**

Por medio deste anuncio dáse a coñecer a licitación conforme ás seguintes características:

1.- Entidade adxudicadora.**a) Organismo:** Excmo. Concello de Lugo.**b) Dependencia que tramita o expediente:** Servizo de Contratación e Patrimonio.**2.- Obxecto do contrato.****a) Descrición do obxecto:** Regular a concesión de autorizacións para a instalación das atraccións e postos identificadas nos Planos do Feiral, durante as Festas de San Froilán 2023 con posibilidade de prórroga para o ano 2024.**b) Prazo de duración:** Durante as festas do San Froilán do ano 2023.**3.- Tramitación, procedemento e forma de adxudicación.****a) Tramitación:** ordinaria**b) Procedemento:** aberto.**4.- Tipo de licitación:**

Os prezos mínimos para a licitación das atraccións e postos serán os que a continuación se detallan:

ACTIVIDADE-LOCALIZACIÓN	PREZO SAÍDA	FIANZA PROVISIONAL 3 %
CHURRERÍA de ata 10x5 m. sita na Avda. Rodríguez Mourelo sinalada co nº 61	6.485,20	194,56
CHURRERÍA de ata 10x5 m. sita na Avda. Rodríguez Mourelo sinalada co nº 62	6.485,20	194,56
STAND DE VENTA de 4x2 m. sito na Praza Mayor sinalado co nº 8	1.139,04	100,00

STAND DE VENTA de 3,4x2,1 m. sita na Avda. Rodríguez Mourelo sinalado co nº 17	911,78	100,00
STAND DE VENTA de 3,4x2,1 m. sita na Avda. Rodríguez Mourelo sinalado co nº 18	911,78	100,00
STAND DE VENTA de 3,4x2,1 m. sita na Avda. Rodríguez Mourelo sinalado co nº 40	911,78	100,00
STAND DE VENTA de 3,4x2,1 m. sita na Avda. Rodríguez Mourelo sinalado co nº 42	911,78	100,00
STAND DE VENTA de 3,4x2,1 m. sita na Avda. Rodríguez Mourelo sinalado co nº 51	911,78	100,00
STAND DE VENTA de 3,4x2,1 m. sita na Avda. Rodríguez Mourelo sinalado co nº 52	911,78	100,00
STAND DE VENTA de 3,4x2,1 m. sita na Avda. Rodríguez Mourelo sinalado co nº 55	911,78	100,00
STAND DE VENTA de 3x2,5 sito en Avda. Dr. García Portela sinalado co nº 99	778,17	100,00
STAND DE VENTA de 3x2,5 sito en Avda. Dr. García Portela sinalado co nº 100	778,17	100,00
STAND DE VENTA de 3x2,5 sito en Avda. Dr. García Portela sinalados co nº 101	778,17	100,00
STAND DE VENTA de 3x2,5 sito en Avda. Dr. García Portela sinalado co nº 102	778,17	100,00
MESA DE VENTA de ata 4x3 m. sita en Avda. Dr. García Portela sinalada co nº 84	585,12	100,00

5.- Garantías:

- a) **Provisional:** Ver punto anterior.
b) **Definitiva:** Ver cláusula novena das bases técnicas.

6. Obtención de documentación e información.

- a) **Entidade:** Concello de Lugo, Servizo de Contratación e Patrimonio.
b) **Domicilio:** Ronda da Muralla, 197, 3ª planta.
c) **Localidade e c.p.:** Lugo, 27002
d) **Teléfonos:** (982) 29-71-43, 29-73-01, 29-71-44
e) **Dirección internet:**

(https://contrataciondelestado.es/wps/poc?uri=deeplink%3Abusqueda_licitacion_vis&ubicacionOrganica=ol2NrbY OVI0%3D.)

f) **Data límite de obtención de documentos e información:** Ata o remate do prazo de presentación de proposicións.

7.- Requisitos específicos dos contratista.

- a) **Outros requisitos:** Os sinalados nas bases técnicas.

8.- Presentación de ofertas ou das solicitudes de participación.

a) **Data límite de presentación:** O prazo de presentación de proposicións será de **VINTE días hábiles** contados dende a publicación do anuncio de licitación no perfil do contratante, aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público.

b) **Documentación que hai que presentar:** A que figura na cláusula oitava das bases técnicas.

c) Lugar de presentación:

1ª **Entidade:** Concello de Lugo, Oficina de Rexistro, ou por correo postal.

2ª **Domicilio:** Ronda da Muralla, 197

3ª **Localidade e c.p.:** Lugo, 27002

9.- Apertura das ofertas.

a) **Entidade:** Concello de Lugo

b) **Domicilio:** Ronda da Muralla, 197 (3ª Planta)

c) Localidade: Lugo

d) Data: O acto público de apertura da documentación e oferta dos interesados celebrárase ó **segundo día hábil** posterior ó remate do prazo de presentación agás modificación publicada con antelación no perfil do contratante aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público. O devandito prazo ampliarase, no caso de ser necesario, ata o undécimo día, no suposto de recibirse regulamentariamente o aviso de presentación das proposicións por correo.

No caso de que a apertura e exame da documentación se realice en día distinto ó sinalado anteriormente, os licitadores serán convocados mediante inserción da convocatoria no perfil do contratante do Concello de Lugo cunha antelación mínima de 48 horas respecto á data da celebración da sesión.

10.- Outras informacións: As que se recollen nas bases técnicas.

Lugo, 12 de xullo de 2023.- A TENENTA DE ALCALDESA DELEGADA DA ÁREA DE SOSTIBILIDADE URBANA E RECURSOS INTERNOS, Mercedes Paula Alvarellos Fondo.

R. 2266

Anuncio

Por acordo da Xunta de Goberno Local do día 5 de xullo de 2023, aprobouse, entre outros, o procedemento de licitación para a **AUTORIZACIÓN DA INSTALACIÓN NA RÚA PURO CORA DOS POSTOS DE VENDA DA FEIRA DE ARTESANÍA E GASTRONOMÍA “GASTROARTE” DAS FESTAS DE SAN FROILÁN DO ANO 2023 CON POSIBILIDADE DE PRÓRROGA PARA O ANO 2024. EXPTE 2023-C005-000008.**

Por medio deste anuncio dáse a coñecer a licitación conforme ás seguintes características:

1.- Entidade adxudicadora.

a) Organismo: Excmo. Concello de Lugo.

b) Dependencia que tramita o expediente: Servizo de Contratación e Patrimonio.

2.- Obxecto do contrato.

a) Descrición do obxecto: Regular a concesión de autorizacións para a instalación dos postos de venda da Feira de Artesanía e Gastronomía “Gastroarte” das Festas de San Froilán 2023 con posibilidade de prórroga para o ano 2024.

b) Prazo de duración: Durante as festas do San Froilán do ano 2023.

3.- Tramitación, procedemento e forma de adxudicación.

a) Tramitación: ordinaria

b) Procedemento: aberto.

4.- Tipo de licitación:

O prezo de licitación dos postos da feira establececese de conformidade coa Ordenanza Fiscal nº 152 “Taxas por aproveitamentos especiais da vía pública”, artigo 4, epígrafe E, apartado C.

Conforme ao disposto pola Comisión de Festas do Concello de Lugo, mantéñense os prezos vixentes nos últimos anos baseados nos aprobados no ano 2016 (Decreto nº 16005619 do 15/07/2016), podendo ser revisados para ser actualizados conforme o prezo de mercado e as taxas municipais vixentes.

Así, os importes inherentes á adxudicación dos postos na feira son para o ano 2023:

a) Prezo público de uso de stand507,08 euros

b) Taxa por ocupación de vía pública (Ordenanza Fiscal núm. 152)97,55 euros

c) Fianza100 euros

Importe TOTAL-----704,63 euros

5.- Garantías:

a) Provisional: 100 € por cada un dos postos aos que se presente.

b) Definitiva: 100 € por cada posto autorizado.

6. Obtención de documentación e información.

a) Entidade: Concello de Lugo, Servizo de Contratación e Patrimonio.

b) Domicilio: Ronda da Muralla, 197, 3ª planta.

c) **Localidade e c.p.:** Lugo, 27002

d) **Teléfonos:** (982) 29-71-43, 29-73-01, 29-71-44

e) **Dirección internet:**

(https://contrataciondelestado.es/wps/poc?uri=deeplink%3Abusqueda_licitacion_vis&ubicacionOrganica=ol2NrbYOV10%3D.)

f) **Data límite de obtención de documentos e información:** Ata o remate do prazo de presentación de proposicións.

7.- Requisitos específicos dos contratista.

a) **Outros requisitos:** Os sinalados nas bases técnicas.

8.- Presentación de ofertas ou das solicitudes de participación.

a) **Data límite de presentación:** O prazo de presentación de proposicións será de **VINTE días hábiles** contados dende a publicación do anuncio de licitación no perfil do contratante, aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público.

b) **Documentación que hai que presentar:** A que figura na cláusula oitava das bases técnicas.

c) **Lugar de presentación:**

1ª **Entidade:** Concello de Lugo, Oficina de Rexistro, ou por correo postal.

2ª **Domicilio:** Ronda da Muralla, 197

3ª **Localidade e c.p.:** Lugo, 27002

9.- Apertura das ofertas.

a) **Entidade:** Concello de Lugo

b) **Domicilio:** Ronda da Muralla, 197 (3ª Planta)

c) **Localidade:** Lugo

d) **Data:** O acto público de apertura da documentación e oferta dos interesados celebrarase ó **segundo día hábil** posterior ó remate do prazo de presentación agás modificación publicada con antelación no perfil do contratante aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público. O devandito prazo ampliarase, no caso de ser necesario, ata o undécimo día, no suposto de recibirse regulamentariamente o aviso de presentación das proposicións por correo.

No caso de que a apertura e exame da documentación se realice en día distinto ó sinalado anteriormente, os licitadores serán convocados mediante inserción da convocatoria no perfil do contratante do Concello de Lugo cunha antelación mínima de 48 horas respecto á data da celebración da sesión.

10.- Outras informacións: As que se recollen nas bases técnicas.

Lugo, 12 de xullo de 2023.- A TENENTA DE ALCALDESA DELEGADA DA ÁREA DE SOSTIBILIDADE URBANA E RECURSOS INTERNOS, Mercedes Paula Alvarellos Fondo.

R, 2267

MONDOÑEDO

Anuncio

O 18 de xullo de 2023, ditouse a Resolución de Alcaldía núm. 2023-0309, que literalmente di:

“RESOLUCIÓN ALCALDÍA

CONVOCATORIA E BASES REGULADORAS DO PROCESO DE SELECCIÓN CONVOCADO PARA UN EMPREGO DE XEFE DA BRIGADA DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS DO EXCMO. CONCELLO DE MONDOÑEDO

Logo de ver o Convenio Interadministrativo subscrito, o 26 de maio de 2023, entre a Consellería do Medio Rural e a entidade local Concello de Mondoñedo para realización de accións de prevención e defensa contra os incendios forestais durante o ano 2023-2024, cofinanciado parcialmente co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER) no marco do Programa de Desenvolvemento Rural (PDR) de Galicia 2014-2020, destinado, entre outros, a subvencionar o funcionamento dunha brigada efectiva composta de 5 membros a tempo completo por un período de tres meses, actuando un deles como responsable e coordinador do funcionamento desta para establecer as relacións operativas e de comunicación co Distrito Forestal ao que pertenza o Concello, así como a

participación na defensa contra incendios forestais mediante a actuación de 1 vehículo motobomba (VMB) durante 3 meses con matrícula C-2681-AU.

Existe unha urxente necesidade de contar con persoal especializado nestas tarefas dado que este Concello non conta con persoal contratado especializado ao respecto e o único servizo especializado nas comarcas para este tipo de intervencións sitúase nos Parques Comarcais de Bombeiros e nos Servizos de Prevención e Extinción de Incendios dependentes do Distrito Forestal, que conta coa súa sede en Viveiro, o que supón un retraso na intervención por motivo de desprazamento, dependendo do lugar onde se teña que actuar.

Tras ver que según o citado convenio, os contratos deben realizarse no mes de xullo, e a Comisión de seguimento do convenio, por causas debidamente xustificadas, poderá autorizar o adiamento da data de inicio das brigadas e do VMB, como máximo ata o 15 de agosto.

Vaise intervir ante situacións de emerxencia, que en moitas ocasións implican unha intervención inmediata, onde o Concello non conta con persoal especializado e onde o esperar polo persoal do Parque Comarcal de Bombeiros ou polo persoal dependente do Distrito Forestal agrava aínda máis a situación, xa que o factor tempo xoga un papel moi importante en determinadas situacións, téndose que minimizar en todo momento o tempo de chegada ao lugar de intervención.

Vista as bases de convocatoria que regulan o proceso de selección de persoal para a Brigada de Prevención e Defensa Contra Incendios do Concello de Mondoñedo para a cobertura temporal de **un emprego de xefe de brigada, un emprego de peón condutor e tres empregos de peón de brigada, para a brigada de prevención e defensa contra incendios forestais** para o Concello de Mondoñedo, ao abeiro da Resolución da Alcaldía, núm. 2023-0240, do 23 de xuño de 2023, publicadas no BOP de Lugo, núm. 149 do 30 de xuño de 2023.

Visto que rematados os 5 días hábiles de presentación de solicitudes, só se presentou un candidato para o emprego de Xefe de Brigada.

Visto o escrito de 14 de xullo de 2023, no que o único candidato que se presentou ao emprego de xefe de brigada, renuncia por motivos persoais. Visto que este emprego é imprescindible para o inicio da brigada.

Considerando a Lexislación en materia de selección de persoas comprendida na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, Texto Refundido das Disposicións Legais vixentes en materia de Réxime Local, Lei 5/1997, do 22 de xuño, de Administración Local de Galicia, Lei 7/2007, do 7 de abril, do Estatuto Básico do empregado público, e demais disposicións aplicables, e tendo en conta que se considera servizo prioritario, en virtude de acordo plenario de data 13 de maio de 2016.

Ante a imposibilidade de realizar unha Xunta de Goberno Local debido á urxencia da convocatoria deste proceso selectivo, esta Alcaldía en virtude das facultades conferidas na lexislación vixente,

RESOLVE:

Primeiro.- Avogar a competencia de forma puntual e co único obxecto de realizar unha convocatoria para selección e posterior contratación dun emprego de xefe de brigada, para a Brigada de Prevención e Defensa Contra Incendios Forestais mediante contratación de carácter laboral temporal a tempo completo, contrato temporal por circunstancias da produción, por un período de tres meses, no período comprendido entre o 1 de xullo e o 15 de agosto, salvo modificación pactada entre a consellería e o concello. **Visto que según o convenio ao abeiro da que se realizan estas contratacións, debe estar xustificada na data límite do 15 de novembro de 2023, aclárase, que de non poderse cumprir o prazo máximo de 3 meses de contrato e independentemente de que se prorrogue, ou non, o prazo de xustificación inicial do convenio que ampara estas contratacións, os contratos finalizarán, de ser necesario, 6 días naturais antes de que remate o prazo xustificativo do citado convenio.**

Segundo.- Aprobar as bases que rexerán esta convocatoria que se xuntan como anexo ao expediente.

Terceiro.- Realizar a convocatoria mediante a publicación do anuncio no Boletín Oficial da Provincia e a publicación das bases na sede electrónica do concello (<https://mondonedo.sedelectronica.gal>):

- **1 Emprego de XEFE DE BRIGADA:** estará en posesión dalgunha das titulacións seguintes: Enxeñería de Montes, Enxeñería Técnica Forestal, Técnico/a Superior en Xestión Forestal e do Medio Natural, Técnico/a en Aproveitamento e Conservación do Medio Natural, Técnico/a en Emerxencias e Protección Civil ou formación profesional equivalente, que ademais conte co permiso de condución tipo B.

Cuarto.- Dar conta á Xunta de Goberno Local e ao pleno na próxima sesión que se celebre.

Mondoñedo, 18 de xullo de 2023

O alcalde-presidente,

Manuel Ángel Otero Legide

A secretaria-interventora,

Ruth López-Mosquera García

BASES REGULADORAS DO PROCESO DE SELECCIÓN CONVOCADO PARA UN EMPREGO DE XEFE DA BRIGADA DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS DO EXCMO. CONCELLO DE MONDOÑEDO

PRIMEIRA.— OBXECTO

Esta convocatoria e bases reguladoras, teñen por obxecto a selección e posterior contratación de carácter laboral temporal a tempo completo, mediante contrato temporal por circunstancias da produción, ao abeiro do Convenio Interadministrativo suscrito, o 26 de maio de 2023, entre a Consellería do Medio Rural e a entidade local Concello de Mondoñedo para realización de accións de prevención e defensa contra os incendios forestais durante o ano 2023-2024, cofinanciado parcialmente co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER) no marco do Programa de Desenvolvemento Rural (PDR) de Galicia 2014-2020 (anualidade 2023), para a contratación de:

- Un emprego de XEFE DE BRIGADA

do Concello de Mondoñedo mediante o sistema de CONCURSO - OPOSICIÓN, por un período de tres meses, *(no citado convenio especificase que os contratos deben realizarse no mes de xullo, e a Comisión de seguimento do convenio, por causas debidamente xustificadas, poderá autorizar o adiamento da data de inicio das brigadas e do VMB, como máximo ata o 15 de agosto)*, salvo modificación pactada entre a consellería e o concello. **Visto que según o convenio ao abeiro da que se realizan estas contratacións, debe estar xustificado na data límite do 15 de novembro de 2023, aclárase, que de non poderse cumprir o prazo máximo de 3 meses de contrato e independentemente de que se prorrogue, ou non, o prazo de xustificación inicial do convenio que ampara estas contratacións, os contratos finalizarán, de ser necesario, 6 días naturais antes de que remate o prazo xustificativo do citado convenio.**

Os compoñentes da brigada realizarán labores de prevención de incendios forestais, sempre que non sexan requiridos para a defensa destes, durante cada un dos meses de vixencia do contrato, con plena dispoñibilidade, incluíndo nela traballos en sábados, domingos, festivos nacionais, autonómicos e locais, así como as quendas de noite necesarias.

As labores a desenvolver consistirán na realización dos seguintes traballos:

- Traballos de vixilancia e defensa contra os incendios forestais: Os vehículos motobomba (en adiante VMB) e as brigadas forestais integraranse desde o inicio no dispositivo de emerxencias do Distrito Forestal onde se sitúe o concello, priorizando a actuación dos VMB, respecto doutros traballos segundo o disposto no artigo 47 da Lei 43/2003, de montes e no artigo 48.6 da Lei 3/2007, do 9 de abril de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia. Así mesmo, cando concorran razóns extraordinarias de emerxencia, o órgano autonómico poderá decidir a mobilización destes medios fóra do Distrito Forestal, conforme ao previsto no Plan de Prevención e Defensa contra os Incendios Forestais de Galicia (en adiante Pladiga) no que expresamente se prevé como se producirá a coordinación nestes supostos. A integración no dispositivo do Servicio de Prevención e Defensa Contra Incendios Forestais (en adiante SPIF) realizarase baixo o mando único descrito no PLADIGA. A entidade local adherirase ao procedemento operativo do PLADIGA como plan director. Os traballos de extinción serán marcados sempre por persoal do SPIF ao responsable da brigada.

O concello designará unha persoa responsable e coordinadora do funcionamento dos VMB, en colaboración e coordinación co despregamento de medios do Distrito Forestal, para establecer as relacións operativas e de comunicación co persoal do Distrito Forestal ao que pertence o concello. Durante a vixencia do convenio os VMB estarán operativos 16 h/día con carácter ordinario, con plena dispoñibilidade, acorde ao horario establecido, incluíndo nela os traballos en domingos, festivos nacionais, autonómicos e locais, así como as quendas de noite necesarias.

O concello garantirá a colaboración e a coordinación co despregamento de medios, mediante a designación dunha persoa como responsable e coordinadora do funcionamento da brigada, para establecer as relacións operativas e de comunicación co persoal do Distrito Forestal. A persoa responsable da brigada será a interlocutora coa que se relacionará unicamente o persoal dos SPIF e será a quen lle corresponda impartir directamente as ordes e as instrucións de traballo ao resto da brigada municipal.

- Labores de prevención de xeito manual que diminúan o risco de propagación e minoren os danos dos incendios, no caso de producirse.

Dentro destas labores, a brigada realizará traballos de roza manual en vias e camiños forestais, áreas cortalumes e faixas de xestión de biomasa, mediante roza, rareo e eliminación de restos, cun mínimo de 11,83 has ou a superficie reflectida no programa de actuación deseñado por este concello e/ou de investigación do estado das parcelas das redes de faixas secundarias de xestión de biomasa forestal con redacción do informe de xestión de biomasa consonte co establecido na Lei 3/2007 do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, nos tres meses de operatividade da brigada, incluíndo nela os traballos en sábados, domingos, festivos nacionais, autonómicos e locais, así como as quendas de noite necesarias. O xefe de brigada exercerá como responsable da coordinación do funcionamento da brigada nas relacións operativas e de comunicación co persoal do Distrito Forestal ao que pertence este concello.

Salario bruto mensual que inclúe a parte proporcional da paga extraordinaria:

- Xefe brigada: 1.516,67 €/mes

Polo tanto, no parágrafo anterior reflíctese a retribución bruta mensual, incluída a Parte Proporcional da Paga Extraordinaria, aínda que o soldo aboarase mensualmente, e a parte proporcional da paga extraordinaria, en relación ao tempo traballado, de ser o caso, á finalización do contrato.

SEGUNDA.— NORMATIVA APLICABLE

Ás probas selectivas, no non previsto nas presentes bases, resultará de aplicación o TREBEP. Así mesmo e nos aspectos non derogados expresamente e que non se opoñan ao disposto no TREBEP, tamén será de aplicación:

- Lei 53/1984, do 26 de decembro, de Incompatibilidades do persoal ao Servizo das Administracións Públicas.
- Lei 30/1984, do 2 de agosto, de Medidas de Reforma para a Función Pública.
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local.
- Real Decreto Legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local.
- Decreto 364/1995, do 10 de marzo, que aproba o Regulamento Xeral de Ingreso de Persoal ao Servizo da Administración do Estado.
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, reguladora da Administración Local de Galicia.
- Decreto Legislativo 1/2008, de 13 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Función Pública.
- Lei 2/2015, do 29 de abril, do Emprego Público de Galicia.
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- Convenio Interadministrativo suscrito, o 26 de maio de 2023, entre a Consellería do Medio Rural e o Concello de Mondoñedo para realización de accións de prevención e defensa contra os incendios forestais durante o ano 2023-2024, cofinanciado parcialmente co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER) no marco do Programa de Desenvolvemento Rural (PDR) de Galicia 2014-2020.
- Demais disposicións aplicables.

TERCEIRA.— REQUISITOS DOS ASPIRANTES

1.- Con carácter xeral, os aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos, na data en que remate o prazo de presentación de instancias para poder tomar parte nas probas de selección:

a) Ser español ou nacional doutros estados nos termos do artigo 57 do Real decreto legislativo 5/2015 do 30 de outubro polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

b) Posuír capacidade funcional para o desempeño das tarefas.

c) Ter cumpridos dezaseis anos.

d) Non estar separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para exercer funcións similares ás que desempeñaban, no que fora separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.

e) Estar en posesión das seguintes titulacións, ou en disposición de obtelas, na data en que remate o prazo de presentación de instancias:

- **XEFE DE BRIGADA: Enxeñaría de Montes, Enxeñaría Técnica Forestal, Técnico/a Superior en Xestión Forestal e do Medio Natural, Técnico/a en Aproveitamento e Conservación do Medio Natural, Técnico/a en Emerxencias e Protección Civil ou formación profesional equivalente, así como permiso de condución tipo B e Celga 3 ou equivalente homologado.**

f) Non padecer enfermidade nin estar afectado por limitación física ou psíquica que impida o desenvolvemento das funcións do emprego.

g) Os aspirantes que padezan minusvalía deberán facelo constar expresamente na instancia.

CUARTA.— SOLICITUDES

1.— As persoas que desexen tomar parte no proceso selectivo convocado, deberano facer constar mediante unha instancia, modelo Anexo I, dirixida ao Sr. Alcalde - Presidente do Concello, na que manifestarán, ademais dos datos persoais co enderezo, a denominación do emprego convocado ao que optan e que reúnen todos e cada un dos requisitos da presente convocatoria.

2.— O prazo de presentación de instancias será de 5 días hábiles que comezarán a contar a partir do día seguinte da publicación do anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e publicaranse as presentes bases na sede electrónica do concello (<https://mondonedo.sedelectronica.gal>)

3.— As instancias deberán presentarse no Rexistro Xeral do Concello de Mondoñedo ou mediante algunha das formas previstas no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Cómpre que o concello teña constancia da presentación desta documentación no prazo en que remata o día de presentación de instancias.

A solicitude irá acompañada da seguinte documentación:

- Fotocopia do Documento Nacional de Identidade, compulsada por ámbalas caras.
- Fotocopia compulsada da titulación académica esixida.
- Fotocopia do permiso de conducir, no caso de xefe de brigada.
- Fotocopia compulsada do Celga 3 (xefe de brigada).
- Fotocopia compulsada dos documentos acreditativos dos méritos alegados para a súa valoración na fase de concurso (esta documentación non será excluínte para a confección da lista provisional de admitidos e excluídos). A non acreditación dos méritos alegados determinará que estes non serán tidos en conta polo Tribunal nin se valorarán aínda que se acrediten fóra do prazo de presentación de instancias xa que non poderá subsanarse.

QUINTA.- ADMISIÓN DE SOLICITUDES

1.- Rematado o prazo para presentar as instancias o Alcalde ditará resolución comprensiva que conterà:

- A lista provisional de admitidas/os e excluídas/os coa especificación, de ser o caso, do motivo de exclusión.
- A designación do tribunal cualificador e a data da súa constitución.
- A data, hora e lugar en que se realizará a valoración de méritos, e as probas da fase de oposición.

Esta resolución publicarase de xeito íntegro no taboleiro de anuncios do Concello e na sede electrónica do concello (<https://mondonedo.sedelectronica.gal>).

2.- Durante dous (2) días hábiles seguinte á publicación da lista provisional de admitidos e excluídos, unicamente os/as excluídos/as poderán solicitar a subsanación de erros e presentar reclamacións á lista provisional. Quen non presentara a reclamación no prazo indicado, decaerá do seu dereito sendo excluído definitivamente da lista de aspirantes.

No caso de non haber excluídos, a lista provisional elevarase a definitiva automaticamente.

3.- As reclamacións, se as houbera, serán aceptadas ou rexeitadas mediante Resolución pública de Alcaldía, no taboleiro de anuncios, aprobando a lista definitiva de admitidos e excluídos.

4.- Porén, se en calquera momento posterior á aprobación da lista definitiva, se advertise nas solicitudes inexactitude ou falsidade que fora causa de exclusión, esta considerarase defecto insubsanable e a alcaldía resolverá a dita exclusión.

SEXTA.—TRIBUNAL CUALIFICADOR

Os membros do Tribunal Cualificador e suplentes serán designados pola Sr. Alcalde – Presidente mediante resolución.

O tribunal estará integrado polos seguintes membros:

- Presidente: Un empregado público, con voz e voto.
- Secretario: O da Corporación ou empregado público en quen delegue, con voz e sen voto.
- Vogais: tres empregados públicos, con voz e voto.

O Tribunal Cualificador deberá constituírse na data que designe o Sr. Alcalde, entendéndose validamente constituído cando asista a maioría absoluta dos membros titulares ou suplentes e sempre coa presenza do Presidente e o Secretario.

Os membros do Tribunal, posuirán titulación ou especialización de grao igual ou superior ao esixido para acceder ao emprego.

Na sesión constitutiva adoptaranse as decisións pertinentes para o correcto desenvolvemento do proceso. Os seus acordos serán impugnables nos supostos e na forma establecida pola Lei 39/2015, de 1 de outubro.

Os acordos serán adoptados pola maioría simple dos asistentes con voz e voto, dirimindo os empates o voto de calidade do presidente.

Cada tribunal poderá dispoñela incorporación aos seus traballos de asesores especialistas, con voz e sen voto, limitándose os asesores a prestar a súa colaboración nas súas especialidades técnicas.

Os membros dos tribunais deberán absterse de intervir, comunicándolle á Alcaldía cando concorran neles algunha das circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, así como cando realízen tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas de acceso nos cinco anos inmediatamente anteriores á publicación desta convocatoria, consonte o disposto no artigo 13.2º do Real Decreto 634/1995, de 10 de marzo, do regulamente xeral de ingreso.

Así mesmo, os interesados poderán recusar ós membros do tribunal cando, ó seu xuízo, concorran neles algunha das circunstancias previstas no parágrafo anterior, conforme ó artigo 24 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

SÉTIMA.—SISTEMA DE SELECCION E CUALIFICACION

O sistema de selección será o de **CONCURSO – OPOSICIÓN** (a puntuación máxima para o concurso-oposición será de 20 puntos).

En este proceso, primeiro realizarase a fase de oposición e posteriormente a fase de concurso.

FASE DE CONCURSO:

1.- XEFE DE BRIGADA

FASE DE CONCURSO (a puntuación máxima para a fase de concurso será de 8 puntos): que consistirá na valoración dos méritos alegados e debidamente acreditados polas persoas aspirantes segundo o seguinte baremo:

1.- EXPERIENCIA PROFESIONAL: Por servizos efectivamente prestados en empregos de similares características e funcións ao emprego que se opta:

- a) Na Administración Pública: 0,06 puntos/mes.
- b) Na empresa privada: 0,03 puntos/mes.

Non se computarán as fraccións inferiores a un mes. En todos os casos os meses consideraranse de 30 días naturais.

- no caso de traballador por conta allea: para acreditar a experiencia laboral presentaranse dous documentos:

- a) Informe de Vida Laboral segundo os datos proporcionados pola Tesourería Xeral da Seguridade Social.
- b) Copia compulsada do contrato de traballo.

Estes documentos poderán ser substituídos por un Certificado de Servizos, no caso de Administración ou Certificado de Empresa, no caso de empresa privada, sempre que queden acreditados de forma clara e expresa, a ocupación, período traballado, e número de horas.

- no caso de traballadores autónomos: mediante o Informe de Vida Laboral, expedida pola Tesourería Xeral da Seguridade Social na que conste o epígrafe de cotización, así como o xustificante de alta no imposto de actividades económicas ou certificado acreditativo de estar de alta no dito imposto. Contrato de arrendamento de servizos ou calquera outro documento que acredite de forma clara e expresa a natureza da actividade.

- no caso de traballos realizados no estranxeiro: mediante certificación oficial na que conste a ocupación ou profesión exercida e coa categoría profesional esixida nas presentes bases e os seus períodos de tempo.

A puntuación máxima para o apartado de **experiencia profesional** é **3,50 puntos**.

2.- CURSOS OU OUTRA FORMACIÓN:

*A puntuación máxima para o apartado de **formación** é de **3,50 puntos**.*

Por cada curso, xornada, seminario, etc. directamente relacionado coas funcións propias do emprego a que se opta realizados nas Administracións Públicas, Escolas de Administración Pública, Universidades, Inem, organizacións sindicais, colexios oficiais de profesionais e outros cursos homologados pola administración pública:

- Cursos de duración inferior a 10 horas non se baremarán.
- Cursos de 10 horas ata 25 horas: 0,02 puntos por cada un.
- Cursos de mais de 25 horas e ata 50 horas: 0,05 puntos por cada un.
- Cursos de mais de 50 horas e ata 100 horas: 0,10 puntos por cada un.
- Curso de mais de 100 horas e ata 150 horas: 0,15 punto por cada un.
- Cursos de mais de 150 e ata 300 horas: 0,20 puntos por cada un.
- Por cada curso de mais de 300 horas: 0,25 puntos.

No apartado de formación presentárase o diploma orixinal (ou fotocopia compulsada) ou certificado (ou fotocopia compulsada) expedido pola organización da actividade. No mesmo deberá constar o número de horas. Se das características do diploma, en base á súa duración ou datos similares pode deducirse que supera as dez horas, o tribunal poderá computaralos como pertencentes ao suposto de 10 ata 25 horas. Os cursos que, a xuízo do Tribunal, non estean debidamente acreditados ou non teñan relación coas funcións propias do emprego ao que se opta, non serán puntuados.

A puntuación máxima para o subapartado de cursos ou outra formación é de 3,50 puntos.

3.- POR DISPOR DOS PERMISOS DE CONDUCIR TIPO C ou C1:

- 0,50 pto por posuír o C1

- 1 pto por posuír o C

A puntuación máxima para o apartado de outros permisos de conducir é de 1 punto.

De non presentarse a documentación acreditativa destes méritos ou se presentase outra diferente á aquí referida, a puntuación nestes apartados será cualificada como de 0 puntos.

Ningún mérito poderá puntuar en máis de un apartado.

FASE DE OPOSICIÓN:

FASE DE OPOSICIÓN PARA OS 5 MEMBROS DA BRIGADA (COMÚN A TODOS OS EMPREGOS e a puntuación máxima para a fase de oposición será de 12 puntos): Consistirá na realización das seguintes probas: a Fase de Oposición consistirá na realización dunha ou máis probas prácticas e/ou teórico prácticas. Ten carácter obrigatoria e eliminatoria para as/os aspirantes. Nela analizarase a capacidade funcional das/dos aspirantes para levar a cabo as funcións propias do posto ao que se opta.

Aquelas persoas que se presenten ao posto de xefe de brigada, a maiores da proba común para todos os empregos, pode realizárselle unha ou máis probas prácticas e/ou teórico prácticas relacionadas directamente co posto de xefe de brigada.

En todos os casos, cualificarase cunha puntuación de 0 a 12 puntos sendo necesario obter un mínimo de 6,00 puntos para poder superala proba.

Correspóndelle ao tribunal establecer o tempo máximo da proba ou probas a realizarse.

Os/as aspirantes deberán presentarse para realizar este exercicio provistos do DNI ou documento acreditativo fidedigno da súa personalidade a xuízo do tribunal.

PROBA DE GALEGO:

Será obrigatorio a superación dun segundo exercicio, proba de galego para aqueles candidatos que non teñan acreditado xunto coa instancia de solicitude estar en posesión do certificado Celga establecido na base terceira, equivalente ou superior.

Quedarán exentos da realización deste exercicio os aspirantes que coa instancia de solicitude presenten o certificado Celga 3 (xefe de brigada), equivalente ou superior, debidamente homologado polo órgano competente na materia de política lingüística da Xunta de Galicia, de conformidade co artigo 35 do Decreto legislativo 1/2008 do 13 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei da Función Pública de Galicia, modificado pola Lei 2/2009, do 23 de xuño.

Coa finalidade de cumprir co previsto no artigo 35 do Decreto legislativo 1/2008, de 13 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei da función pública de Galicia, este exercicio consistirá na tradución, sen dicionario, dun texto de castelán ao galego e/ou de galego a castelán, nun tempo máximo de 30 minutos.

Este exercicio valorarase como apto ou non apto, sendo necesario para superalo obter o resultado de apto, correspondéndolle ao tribunal determinar o nivel de coñecementos esixido para acadar o resultado de apto.

RECOÑECEMENTO MÉDICO E PROBA FÍSICA DE ESFORZO

O persoal seleccionado, previamente á súa contratación, deberá realizar un recoñecemento médico e unha proba física de esforzo, para garantir as súas condicións de saúde para o traballo a realizar, de conformidade co establecido no convenio de colaboración subscrito entre a Consellería do Medio Rural e Concello de Mondoñedo para a participación na prevención e defensa contra os incendios forestais mediante a actuacións de brigadas de prevención e defensa, e vehículo motobomba. **É obrigatorio superar tanto o recoñecemento médico como a proba de esforzo físico. De non superar estas probas os candidatos/as non poderán ser contratados/as.**

Posteriormente, **terase que realizar un curso teórico-práctico de 16 horas de formación sobre prevención e defensa contra incendios forestais**, que é obrigatorio realizar cada ano.

OITAVA.— PUBLICACIÓN DE RESULTADOS E LISTAXE DE RESERVAS

A cualificación final das probas virá determinada pola suma das puntuacións obtidas na fase de concurso e oposición, establecendo a orde definitiva de aspirantes aprobados, publicando no taboleiro de anuncios e na sede electrónica do concello (<https://mondonedo.sedelectronica.gal>) a dita puntuación do proceso selectivo.

En caso de **empate**, para o posto de **xefe de brigada**, o desempate realizarase en base á maior puntuación obtida na fase de oposición. De persistir o empate, este dirimirase tendo en conta o seguinte: con base na maior puntuación obtida no apartado de experiencia profesional, en primeiro lugar, na administración pública, e en segundo lugar, na empresa privada. De persistir o empate, este dirimirase en base á maior puntuación no apartado de cursos ou outra formación. Se aínda así, persiste o empate, este dirimirase a favor do candidato que teña permiso de conducir tipo C ou C1. De ser o caso, que continúe a persistencia do empate, este resolverase se fose necesario, en base á orde alfabética dos apelidos, polo que se sorteará o día da proba da fase de oposición, a primeira letra a partir da que se realizará o citado desempate.

O Tribunal aprobará e propoñerá para a contratación aos candidatos que máis puntuación obtivesen do máximo posible, non podendo declarar que superou a selección un número de aspirantes superior ao número de empregos convocados.

Os restantes candidatos, pola orde de puntuación obtida, poderán ser contratados no caso de que os/as seleccionados/as non asinen o contrato no prazo que se lle sinale ou renuncien ao emprego ou non superen o recoñecemento médico e a proba de aptitude física oportuna incluída no devandito recoñecemento.

Confeccionarase unha listaxe de reservas para cubrir as posibles baixas xurdidas durante o período de contratación.

NOVENA.- ACHEGA DE DOCUMENTOS

O/A aspirante proposto/-a presentará na Secretaría do Concello, nos tres (3) días hábiles seguintes ao da publicación da lista de aprobados, os seguintes documentos:

- a) Copia autenticada do DNI.
- b) Declaración xurada de non ter sido separado, mediante expediente disciplinario, do servizo de calquera das Administracións Públicas, nin atoparse inhabilitado para o exercicio de funcións públicas.
- c) Declaración xurada de non atoparse incurso en ningunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade que determine a lexislación vixente.
- d) Copia da tarxeta sanitaria da Seguridade Social.
- e) Acreditación da conta bancaria titularidade do candidato/a.

Se no prazo sinalado, salvo os casos de forza maior, os aspirantes non presentasen a documentación esixida, non se poderá formalizar o contrato, quedando anuladas tódalas actuacións sen prexuízo das responsabilidades en que se puidera incurrir por falsidade. Neste caso formularase proposta de nomeamento a favor do seguinte da lista.

DÉCIMA.- FORMALIZACIÓN DO CONTRATO

Presentada a documentación sinalada no apartado anterior, o Presidente da Corporación, ditará resolución e formalizará o contrato laboral a favor das persoas propostas polo Tribunal no prazo máximo de dez (10) días hábiles a contar dende a data en que remate o prazo de presentación dos documentos citados na base anterior.

DÉCIMO PRIMEIRA.— RECURSOS

Contra a presente convocatoria, as súas bases e os actos de aplicación desta, poderá interpoñerse optativamente un dos seguintes recursos:

- Recurso de reposición ante o mesmo órgano autor do acto, no prazo de un mes, a partir do día seguinte ao da súa notificación ou publicación do acto ou acordo.
- Recurso Contencioso-Administrativo ante os órganos da orde xurisdiccional contencioso-administrativo que correspondan, consonte ao disposto nos artigos 8, 10 e 13 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa, no prazo de DOUS (2) MESES contados dende o día seguinte ao da recepción da presente notificación, en harmonía co establecido no artigo 46 da devandita Lei.

DÉCIMO SEGUNDA.—NORMA FINAL

O Tribunal queda facultado para interpretar as Bases da Convocatoria, así como para resolver cantas dúbidas e incidencias presente a súa aplicación, e poderá adoptar os acordos necesarios procurando a boa orde e desenvolvemento do proceso selectivo.

ANEXO I (modelo de instancia)

D./D.^a....., con
 DNI....., nado/-a(data nacemento), veciño/-a
 de....., con enderezo
 en....., Código
 Postal....., teléfono..... e enderezo
 electrónico.....

EXPÓN:

Que desexa ser admitido/-a ás probas selectivas de acceso para a cobertura do emprego de XEFE DA BRIGADA DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS, de conformidade coa convocatoria aprobada na Resolución da Alcaldía do 18 de xullo de 2023.

Que coñece e acepta as bases que rexerán para a dita convocatoria, e declara que reúne todos e cada un dos requisitos esixidos nestas.

Que non estou incurso/a en ningunha causa de incapacidade ou incompatibilidade, nin padezo enfermidade ou defecto físico/psíquico que me impida o desempeño deste emprego. Así mesmo, declaro que non estou separado/a do servizo de ningunha Administración Pública por expediente disciplinario, nin inhabilitado/a por sentenza firme para o exercicio de funcións públicas.

Que achega coa solicitude a seguinte documentación ou xustificantes esixidos polas bases que rexen a convocatoria así como os xustificantes dos méritos alegados:(relación de documentación esixida e de méritos alegados):

Orde de preferencia no caso de ser seleccionado/a para varios empregos:

- 1º.- _____
- 2º.- _____
- 3º.- _____
- 4º.- _____

Por tanto SOLICITA:

Que se teña por presentada a correspondente solicitude no prazo establecido e se lle admita a tomar parte nas probas selectivas para o emprego anteriormente indicado.

Mondoñedo,..... de de 2023

(sinatura)

SR. ALCALDE – PRESIDENTE DO CONCELLO DE MONDOÑEDO (LUGO)“

Mondoñedo, 18 de xullo de 2023.- O Alcalde, Manuel Ángel Otero Legide.

R. 2359

AS NOGAIS

Anuncio

Por Resolución de Alcaldía de 11/07/2023, aprobáronse os Padróns Tributarios das taxas pola prestación do servizo de augas, sumidoiro, lixo e Canon de auga correspondentes ao 2º trimestre do exercicio 2023, o que se notifica aos efectos do seu coñecemento. Fíxase o período de cobro en voluntaria do 12/07/2023 ao 12/09/2023, ambos inclusive. Iníciase o período de exposición ao público polo prazo de 15 días contados a partir do día seguinte da súa publicación ao obxecto de que poida ser examinado e presentar contra o mesmo as reclamacións que se estimen pertinentes.

Contra o acto de aprobación do padrón e das liquidacións de tributos municipais incorporadas a este, poderase formular recurso de reposición ante este órgano, no prazo de un mes contado dende o día seguinte ao de finalización do período de exposición ao público do padrón de contribuíntes ou ben recurso contencioso administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, sen que poidan interpoñerse ambos simultaneamente. Transcorrido o período de pago en voluntaria as débedas co municipio serán esixidas polo procedemento de constrinximento co correspondente recargo de mora e costas que se produzan, no seu caso.

A falta de pagamento do Canon da Auga da Xunta no período voluntario sinalado suporá a esixencia do mesmo directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia. A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo dun mes dende esta notificación.

O presente anuncio ten carácter de notificación colectiva ao abeiro do establecido nos artigos 102 da Lei Xeral Tributaria e 23 e 24 do RD 939/2005, de 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recadación.

As Nogais, 11 de xullo de 2023.- O Alcalde, Jesús Manuel Núñez Díaz.

R. 2268

OUIROL

Anuncio

EXPOSICIÓN AO PÚBLICO

Por Decreto de Alcaldía número 144/2023, de 30 de xuño de 2023, prestouse aprobación inicial ao **Padrón fiscal do SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR correspondente ao mes de MAIO de 2023 a través da Lei de Dependencia e Programa Básico de Axuda no Fogar** polo importe de tres mil cincocentos sesenta e dous euros con noventa e tres céntimos, (3.562,93 €), correspondendo mil seiscentos corenta e tres euros con vinte e tres céntimos, (1.643,23 €), á dependencia e mil novecentos dezanove euros con setenta céntimos, (1.919,70 €), á libre concorrancia.

Por Decreto de Alcaldía número 153/2023, de 3 de xullo de 2023, prestouse aprobación inicial ao **Padrón fiscal do SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR correspondente ao mes de XUÑO de 2023 a través da Lei de Dependencia e Programa Básico de Axuda no Fogar** polo importe de catro mil trescentos sesenta e dous euros con setenta céntimos, (4.362,70 €), correspondendo dous mil sesenta e cinco euros con trinta e un céntimos, (2.065,31 €), á dependencia e dous mil douscentos noventa e sete euros con trinta e nove céntimos, (2.297,39 €), á libre concorrancia.

Consonte ao disposto no artigo 102.3 da Lei xeral tributaria, por medio do presente ponse en coñecemento dos contribuíntes obrigados ao pagamento do prezo público, que dispoñen dun prazo de **15 días**, contados a partir da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, ao obxecto de que poidan ser examinados e presentar as reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevados a definitivos se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formulara ningunha reclamación.

Así mesmo, e de conformidade con artigo 223.1 da Lei xeral tributaria, poderán interpoñer recurso de reposición perante o Sr. Alcalde-Presidente, no prazo **dun mes**, que comezará a contar dende o día seguinte ao do remate do período voluntario de pagamento.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida xurisdición.

Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

ANUNCIO DE COBRANZA

Para o cobramento dos mesmos, os contribuíntes que teñan domiciliados os recibos, estes seranlles cargados nas contas bancarias respectivas. Para os demais contribuíntes os recibos poranse á súa disposición nas oficinas municipais para efectuar o pago.

A presente publicación, nos dous supostos, de edicto de exposición ao público dos padróns e anuncio de cobranza en fase voluntaria, ten o carácter de notificación colectiva, ao abeiro do establecido no artigo 102 da referida Lei xeral tributaria.

Ourol, 4 de xullo de 2023.- O Alcalde, José Luis Pajón Camba.

R. 2269

PALAS DE REI*Anuncio*

Expediente nº PLN/2023/8. Acordos plenarios de organización

En cumprimento do establecido no Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, fanse públicos os distintos acordos plenarios adoptados conforme ao preceptuado polo artigo 38 e concordantes da expresada disposición normativa.

Data da sesión do Pleno: 5 de xullo de 2023.

EXTRACTO DOS ACORDOS:

Expediente 527/2023. CONSTITUCIÓN DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL

Acordouse constituír a Xunta de Goberno Local, integrada polo Alcalde, que será o seu presidente, e por tres concelleiros/as que serán nomeados libremente polo Alcalde como membros da mesma.

Expediente 537/2023. COMISIÓN ESPECIAL DE CONTAS

Acordouse a creación da Comisión Especial de Contas, que estará constituída por membros dos distintos grupos políticos da Corporación e será proporcional a súa representatividade: 3 membros do Grupo Municipal Popular e 1 membro do Grupo Municipal Socialista.

Expediente 529/2023. NOMEAMENTO DE MEMBROS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL E TENENTES DE ALCALDE

Deuse conta do Decreto 2023-0363, polo que se nomea membros da Xunta de Goberno Local a Aurora Vila Agra, Fernando Alfredo Pensado Barbeira e José Ramón García Vázquez.

Deuse conta do Decreto 2023-0364, polo que se nomea Tenentes de alcalde a Aurora Vila Agra (Primeira T.A.), Fernando Alfredo Pensado Barbeira (Segundo T.A.) e José Ramón García Vázquez (Terceiro T.A.).

Expediente 531/2023. DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS DO PLENO NA XUNTA DE GOBERNO LOCAL

O Pleno acordou delegar na Xunta de Goberno Local as seguintes atribucións:

- O exercicio de accións xudiciais e administrativas e a defensa da Corporación en materias de competencia plenaria.
- A declaración de lesividade dos actos do Concello
- A concertación das operacións de créditos cuxa contía acumulada, dentro de cada exercicio económico, exceda do 10 por cento dos recursos ordinarios do orzamento, salvo as de tesourería que lle corresponderán cando o importe acumulado das operacións vivas en cada momento supere o 15 por cento dos ingresos correntes liquidados no exercicio anterior- todo elo de conformidade có disposto na Lei Reguladora das Facendas Locais.
- A aprobación dos proxecto de obras e servizos cando sexa competente para a súa contratación o concesión, e cando aínda non estean previstos nos orzamentos.
- As demais que expresamente lle confiran as leises.

Así mesmo e de conformidade có establecido no artigo 51.2 e na disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, deléganse na Xunta de Goberno Local todas as competencias que en materia de contratación en materia patrimonial correspondan ao Pleno da Corporación, excepto a concesión de bens e servizos por mais de 5 anos e que supere o 20% dos recursos ordinarios do orzamento e o alleamento de bens que excedan do 20% dos recursos ordinarios, por prohibición expresa do artigo 47.2 da lei de Bases de Réxime Local.

Expediente 532/2023. DELEGACIÓNS DO ALCALDE EN CONCELEIROS E CONCELEIRA.

Deuse conta do Decreto 2023-0365 polo que o Alcalde resolveu o seguinte:

Delegar a facultade interna de dirixir e xestionar a área de Servizos Sociais na Concelleira Alba Villasante Torres, excluída a facultade de resolver mediante actos administrativos que afecten a terceiros.

Delegar a facultade interna de dirixir e xestionar a área de Obras e Servizos no Concelleiro Amando Sande Agra, excluída a facultade de resolver mediante actos administrativos que afecten a terceiros.

Encomendar a xestión da área de contratación administrativa a Rodrigo González Penas, que presidirá todas as mesas de contratación e, no seu caso, negociación dos distintos procedementos, así como preparación de memorias, propostas e incorporación de pregos de cláusulas administrativas e prescricións técnicas, coa asistencia dos facultativos xurídicos e técnicos de que dispoña o Concello.

Expediente 534/2023. NOMEAMENTO DE REPRESENTANTES EN ÓRGANOS COLEXIADOS EXTERNOS.

Acordaronse os seguintes nomeamentos:

Rodrigo González Penas, representante no órganos colexiados do CEIP e IES de Palas de Rei.

Pablo José Taboada Camoira, representante do Concello no Grupo de Desenvolvemento Rural (GDR 7) e na Mancomunidade de Concellos Galegos do Camiño Francés.

Expediente 535/2023. RÉXIME DE SESIÓNS ORDINARIAS DO PLENO.

Establecer que as sesións plenarias ordinarias celebraranse o segundo xoves dos meses de marzo, xuño, setembro e decembro, ás 14 horas no salóns de sesións da Casa do Concello. No caso de resultar festivo, pospoñerase ao segundo día hábil posterior ao preestablecido.

O Alcalde, previa xustificación, poderá pospoñer ou avanzar a data de celebración das sesións plenarias ordinarias a oito días naturais como máximo dentro do mesmo mes o que corresponda a súa celebración, previa consulta aos portavoces dos grupos municipais.

Expediente 525/2023 DEDICACIÓNS, RETRIBUCIÓNS E INDEMNIZACIÓNS DOS CARGOS PÚBLICOS.

Acordouse o seguinte:

Determinar que os cargos de Alcalde Presidente, Concelleiro/a Delegado/a de Servizos Sociais e Concelleiro/a Delegado/a de Obras e Servizos realicen as súas funcións en réxime de dedicación total ás funcións propias desas áreas, nas horas e días que demande a efectiva prestación dos respectivos servizos ao seu cargo

Establecer a favor dos membros da corporación que desempeñen os seus cargos en réxime de dedicación exclusiva, as retribucións que a continuación se relacionan, que se percibirán en catorce pagas, doce correspondentes ás diferentes mensualidades do ano e os dous restantes correspondentes ás mensualidades de xuño e decembro, e darlles de alta no réxime xeral da seguridade social, debendo asumir esta corporación o pago das cotas empresariais que corresponda.

— O cargo de Alcalde-Presidente percibirá unha retribución anual bruta de 39.400,00 euros.

— O cargo de Concelleiro/a Delegado/a de Servizos Sociais percibirá unha retribución anual bruta de 29.200,00 euros.

— O cargo de Concelleiro/a Delegado/a de obras e servizos percibirá unha retribución anual bruta de 30.600,00 euros.

Establecer a favor dos membros da corporación que desempeñen os seus cargos en réxime de dedicación parcial, as retribucións que a continuación se relacionan, que se percibirán en catorce pagas, doce correspondentes ás diferentes mensualidades do ano e os dous restantes correspondentes ás mensualidades de xuño e decembro, e darlles de alta no réxime xeral da seguridade social, debendo asumir esta corporación o pago das cotas empresariais que corresponda:

- O cargo de Concelleiro delegado de Contratación administrativa percibirá unha retribución anual bruta de 11.200 euros, estimándose unha dedicación do 50% da xornada semanal ordinaria.

Os membros da corporación que non desempeñen as súas funcións en réxime de dedicación exclusiva ou dedicación parcial terán dereito a percibir as unha asignación de 130 € por asistencia efectiva ás sesións dos órganos colexiados municipais dos que formen parte e non presidan. Cando exerceran a Presidencia por delegación ou substitución do Alcalde, percibirán un complemento de 50 euros.

Expediente 533/2023. ASIGNACIÓN A GRUPOS POLÍTICOS.

Asignar a cada un dos grupos políticos municipais una dotación económica anual nos seguintes termos:

Unha cantidade fixa de 4.000 euros para cada grupo.

Unha cantidade variable de 600 euros por concelleiro/a adscrito/a ao grupo.

A dotación pagarase cada trimestre vencido, tras a presentación da declaración responsable no modelo oficial que lle facilitará a Intervención municipal.

O que se fai público en cumprimento da normativa invocada para xeral coñecemento.

Palas de Rei, 11 de xullo de 2023.- O alcalde, Pablo José Taboada Camoira.

R. 2270

PORTOMARÍN

Anuncio

Expediente nº PLN/2023/9. Acordos plenarios de organización

En cumprimento do establecido no Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, fanse públicos os distintos acordos plenarios adoptados conforme ao preceptuado polo artigo 38 e concordantes da expresada disposición normativa.

Data da sesión do Pleno: 10 de xullo de 2023.

EXTRACTO DOS ACORDOS:

Expediente 298/2023. CONSTITUCIÓN DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL

Acordouse constituír a Xunta de Goberno Local, integrada polo Alcalde, que será o seu presidente, e por tres concelleiros/as que serán nomeados libremente polo Alcalde como membros da mesma.

Expediente 299/2023. COMISIÓN ESPECIAL DE CONTAS

Acordouse a creación da Comisión Especial de Contas, que estará constituída por membros dos distintos grupos políticos da Corporación e será proporcional a súa representatividade: 2 membros do Grupo Municipal Popular e 1 membro do Grupo Municipal Socialista.

Expediente 296/2023. NOMEAMENTO DE MEMBROS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL E TENENTES DE ALCALDE

Deuse conta do Decreto 2023-0250, polo que se nomea membros da Xunta de Goberno Local a Javier Rodríguez Vázquez, José Manuel López González e Ana Isabel Rivera Fentes.

Deuse conta do Decreto 2023-0249, polo que se nomea Tenentes de alcalde a Javier Rodríguez Vázquez (Primeiro T.A.), José Manuel López González (Segundo T.A.) e Ana Isabel Rivera Fentes (Terceira T.A.).

Expediente 300/2023. DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS DO PLENO NA XUNTA DE GOBERNO LOCAL

PRIMEIRO.- Delegar na Xunta de Goberno Local as seguintes atribucións:

j) O exercicio de accións xudiciais e administrativas e a defensa da Corporación en materias de competencia plenaria.

k) A declaración de lesividade dos actos do Concello

m) A concertación das operacións de créditos cuxa contía acumulada, dentro de cada exercicio económico, exceda do 10 por cento dos recursos ordinarios do orzamento, salvo as de tesourería que lle corresponderán cando o importe acumulado das operacións vivas en cada momento supere o 15 por cento dos ingresos correntes liquidados no exercicio anterior- todo elo de conformidade có disposto na Lei Reguladora das Facendas Locais.

ñ) A aprobación dos proxectos de obras e servizos cando sexa competente para a súa contratación o concesión, e cando aínda non estean previstos nos orzamentos.

q) As demais que expresamente lle confiran as leises.

SEGUNDO.- Así mesmo e de conformidade có establecido no artigo 51.2 e na disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, deléganse na Xunta de Goberno Local todas as competencias que en materia de contratación en materia patrimonial correspondan ao Pleno da Corporación, excepto a concesión de bens e servizos por máis de 5 anos e que supere o 20% dos recursos ordinarios do orzamento e o alleamento de bens que excedan do 20% dos recursos ordinarios, por prohibición expresa do artigo 23.4 da Lei 7/1985, LBRL en relación co establecido no artigo 47.2.j) da mesma norma.

Expediente 302/2023. RÉXIME DE SESIÓNS ORDINARIAS DO PLENO.

Establecer que as sesións plenarias ordinarias celebraranse o último xoves dos meses de marzo, xuño, setembro e decembro, ás 13:30 horas no salóns de sesións da Casa do Concello. No caso de resultar festivo, pospoñerase ao segundo día hábil posterior ao preestablecido.

O Alcalde, previa xustificación, poderá pospoñer ou avanzar a data de celebración das sesións plenarias ordinarias a oito días naturais como máximo dentro do mesmo mes o que corresponda a súa celebración, previa consulta aos portavoces dos grupos municipais.

Expediente 301/2023. NOMEAMENTO DE REPRESENTANTES EN ÓRGANOS COLEXIADOS EXTERNOS.

Acordouse nomear ao Alcalde, Pablo Rivas Folgueira, representante do Concello de Portomarín nos seguintes órganos colexiados:

- Consello Escolar do Colexio Público de Portomarín.
- Consorcio Ribeira Sacra
- Mancomunidade de Concellos Galegos do Camiño Francés.
- Grupo de Desenvolvemento Rural (GDR-7)

Expediente 303/2023 DEDICACIÓNS, RETRIBUCIÓN E INDEMNIZACIÓN DOS CARGOS PÚBLICOS.

Acordouse o seguinte:

Determinar que os cargos de Alcalde Presidente e Concelleiro/a Delegado/a de Servizos Sociais realicen as súas funcións en réxime de dedicación parcial nos termos e condicións que logo se concretan.

Establecer a favor dos membros da corporación que desempeñen os seus cargos en réxime de dedicación parcial, as retribucións que a continuación se relacionan, que se percibirán en catorce pagas, doce correspondentes ás diferentes mensualidades do ano e os dous restantes correspondentes ás mensualidades de xuño e decembro, e darlles de alta no réxime xeral da seguridade social, debendo asumir esta corporación o pago das cotas empresariais que corresponda:

- O cargo de Alcalde-Presidente percibirá una retribución anual bruta de 35.000 euros, cunha dedicación estimada do 75 por 100 da xornada ordinaria, para o desempeño das funcións propias do cargo con plena autonomía para organizar o reparto das horas e días en función da demanda real da prestación efectiva dos servizos ao seu cargo.

- O cargo de concelleiro/a delegado/a de Servizos Sociais percibirá una retribución anual bruta de 21.000 euros, cunha dedicación estimada do 50 por 100 da xornada ordinaria, para o desempeño das funcións propias do cargo, con plena autonomía para organizar o reparto das horas e días en función da demanda real da prestación efectiva dos servizos ao seu cargo.

Os membros da corporación que non desempeñen as súas funcións en réxime de dedicación exclusiva ou dedicación parcial terán dereito a percibir as unha asignación de 100 € por asistencia efectiva ás sesións dos órganos colexiados municipais dos que formen parte e non presidan. Cando exerceran a Presidencia por delegación ou substitución do Alcalde, percibirán un complemento de 50 euros.

O que se fai público en cumprimento da normativa invocada para xeral coñecemento.

Portomarín, 12 de xullo de 2023.- O alcalde, Pablo Rivas Folgueira.

R. 2271

Anuncio

Delegación de competencias na concelleira de Servizos Sociais

Mediante Decreto nº 2023-0257, do 11 de xullo, o alcalde deste Concello resolveu ditar, entre outras disposicións, a que literalmente se transcribe:

Delegar facultade interna de dirixir e xestionar a área de Servizos Sociais na Concelleira **Silvia Rodríguez Conde**, excluída a facultade de resolver mediante actos administrativos que afecten a terceiros.

Conforme ao preceptuado no Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, e demais disposicións normativas concordantes, faise público para xeral coñecemento e efectos previstos legalmente.

Portomarín, 12 de xullo de 2023.- O alcalde, Pablo Rivas Folgueira.

R. 2272

RIBADEO

Anuncio

Aprobación, exposición pública do Padrón do prezo publico pola prestación do servizo de residencia no Hospital-Asilo de San Sebastian e San Lázaro para xuño de 2023 e apertura do período de cobramento.

Por Decreto desta Alcaldía de data **10 de xullo 2023**, foi aprobado o seguinte Padrón de contribuíntes:

Padrón do prezo público para xuño de 2023 polo importe de trece mil setecentos corenta con trinta e dous euros (**13.740,32 Euros**),

Exponse ao público por prazo de vinte días hábiles, segundo o establecido no artigo 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro Xeral Tributaria, ao obxecto de que aqueles que se consideren interesados poidan examinalo e interpoñer contra este as reclamacións que consideren oportunas.

Iníciase, así mesmo, o procedemento de recadación, e ao efecto determínase que o período de pagamento en voluntaria abranguerá dende o día seguinte do Edicto que se inserirá no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de Edictos do Concello, ao abeiro do establecido no artigo 62 da Lei 58/2003, de 17 de xaneiro, Xeral Tributaria

Ao día seguinte do vencemento do prazo do ingreso en período voluntario iniciarase o período executivo que determina a esixencia dos xuros de mora e dos recargos do período executivo nos termos dos artigos 26 a 28 da Lei Xeral Tributaria e, no seu caso das costas do procedemento de acordo co establecido no artigo 161 de dita Lei, procedéndose a súa recadación pola vía administrativa de constrinximento, segundo o preceptuado no Regulamento Xeral de Recadación.

Contra as liquidacións de carácter tributario que se deriven do presente Padrón poderase interpoñer recurso de reposición previo ao contencioso-administrativo, no prazo dun mes a contar dende a finalización do período de exposición pública de conformidade co establecido no artigo 14.2 apartado c) do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Contra a desestimación expresa ou presunta do recurso de reposición poderán interpoñer recurso contencioso-administrativo ante os órganos e na forma e prazos determinados na Lei reguladora desta Xurisdición.

A presente publicación, de Edicto de exposición ao público do Padrón e anuncio de cobranza ten o carácter de notificación colectiva ao amparo do establecido no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria.

Ribadeo, 10 de xullo de 2023.- O Alcalde, Daniel Vega Perez.

R. 2273

SAMOS

Anuncio

Aprobados pola Xunta de Goberno de data 06.07.2023, os padróns municipais dos Prezos Públicos polo servizo de axuda no fogar e polo servizo vivendas comunitarias/apartamento tutelado, correspondentes a **XUÑO/2023**, expoñense ao público polo prazo de 15 días contados dende o seguinte ao da publicación deste anuncio no B.O.P., rematado este prazo sen presentarse reclamacións, entenderanse definitivamente aprobados.

O cobro dos mesmos realizarase mediante ingreso dos contribuintes na conta do Concello en ABANCA.

Fixanse como periodo de cobro en voluntaria:

*Do Prezo Público polo servizo de axuda no fogar con carácter posterior á prestación do servizo é carácter específico, durante os vinte primeiros días do mes seguinte.

*Do Prezo Público polo servizo de vivendas comunitarias e apartamento tutelado o prazo de cinco días, dende o seguinte a exposición deste anuncio no BOP.

Este anuncio ten carácter de notificación colectiva ó amparo do previsto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria. Durante o devandito prazo os interesados poderán examinar e formular contra os actos que se notifican ante a Xunta de Goberno Local deste Concello, recurso de reposición previo ao contencioso administrativo, no prazo dun mes a contar dende a exposición pública dos padróns. Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formulen poderá interperse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida xurisdición.

Transcurrido o periodo de pago en voluntaria as debidas serán esixidas polo procedemento de apremio a través do servizo provincial de recaudación.

Samos, 7 de xullo de 2023.- A alcaldesa, María Jesús López López.

R. 2274

VILALBA

Anuncio

Procedemento: Formalización da súa composición e delegación de competencias na Xunta de Goberno Local

Expediente número: 2815/2023

Asunto: Publicación da resolución de Alcaldía relativa ao réxime de celebración de sesións ordinarias da Xunta de Goberno Local, periodicidade e sesión constitutiva

Por Resolución de Alcaldía número 2023-0474, do 10 de xullo, acordouse o réxime de celebración de sesións ordinarias da Xunta de Goberno Local, periodicidade e data e hora da sesión constitutiva, procedendo, en cumprimento da súa parte dispositiva, a publicación íntegra do seu contido no Boletín Oficial da Provincia.:

En Vilalba, a 12 de xullo de 2023. A Alcaldesa, Dona María Elba Veleiro Fernández.

Visto o expediente 2815/2023 instruído para a formalización da súa composición e delegación de competencias na Xunta de Goberno Local, de conformidade co disposto nos artigos 20.1.b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local e 35.2. d) RD 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

Visto o Informe xurídico da Secretaría da Corporación, con código 2023-0262, de 29 de xuño, relativo á delegación de competencias en concelleiros así coma na Xunta de Goberno Local. Visto o Decreto de Alcaldía 2023-0435, de 30 de xuño, referente á delegación de competencias na Xunta de Goberno Local e a creación deste órgano (BOP n.º 157, de 10 de xullo de 2023 -Páx. 21, R. 2152-).

Vista a periodicidade do réxime de sesións da Xunta de Goberno Local, establecido con carácter semanal, no día e hora en que mediante Decreto se fixe pola Alcaldía, de conformidade co disposto no artigo 36 do Regulamento Orgánico Municipal do Concello de Vilalba. Polo exposto, en uso das atribucións que legalmente teño conferidas, de acordo co disposto no artigo 23 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, e polo artigo 52 do RD 2568/1986, do 28 de novembro, polo cal se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais;

Vista a proposta de resolución PR/2023/1099 de 10 de xullo de 2023.

A competencia para resolver encóntrase reflectida no artigo 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, o artigo 41 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, artigo 61 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, entre outros preceptos concordantes.

RESOLUCIÓN

PRIMEIRO.- Establecer o réxime de celebración de sesións ordinarias da Xunta de Goberno Local, que terán periodicidade semanal, todos os luns ás 17:00 horas en primeira convocatoria e unha hora máis tarde en segunda. Cando algún luns coincida con festivo, a sesión ordinaria terá lugar o seguinte día hábil ao festivo, así mesmo co horario sinalado.

SEGUNDO.- Dispoñer a celebración da próxima Xunta de Goberno Local, de carácter constitutiva, o mércores 12 de xullo de 2023, ás 8:30, na Sala de Xuntas do Concello de Vilalba.

TERCEIRO.- O presente Decreto notificarase a todos os interesados, debendo darse conta do mesmo ao Pleno da Corporación na sesión posterior á súa emisión, e sen prexuízo da súa inmediata executividade publicarase no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e no Taboleiro de Anuncios deste Concello, para os efectos legais procedentes.

Vilalba, 12 de xullo de 2023.- A alcaldesa, María Elba Veleiro Fernández.

R. 2275

XOVE*Anuncio***Persoal Laboral Temporal para o Convenio de Incendios 2023 (3 meses) – 1 Peón/oa Conductor/a de Brigada.**

Por Decreto de Alcaldía de 14 de Xullo de 2023, aprobáronse as bases específicas para a contratación de 1 **Peón/oa Conductor/a** en réxime de persoal laboral temporal a xornada completa, que a seguir se transcriben na súa integridade:

“ BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA PARA A PROVISIÓN, COMO PERSOAL LABORAL TEMPORAL DA 5ª DO REAL DECRETO-LEI 32/2021, DO 28 DE DECEMBRO, DE MEDIDAS URXENTES PARA A REFORMA LABORAL, A GARANTÍA DA ESTABILIDADE NO EMPREGO E A TRANSFORMACIÓN DO MERCADO DE TRABALLO, DE UNHA PRAZA DE PEÓN-CONDUTOR PARA A BRIGADA DE INCENDIOS, POLO SISTEMA DE CONCURSO-OPOSICIÓN LIBRE

1.- OBXECTO DA CONVOCATORIA.

O obxecto desta convocatoria é proceder a convocar o proceso selectivo para a provisión con carácter temporal mediante o concurso-oposición de unha praza de peón-conductor da brigada de incendios que debe estar operativa durante 3 meses segundo o Convenio asinado coa Consellería do Medio Rural.

2.- CARACTERÍSTICAS DA PRAZA.

GRUPO: AP

NIVEL C.D.: 11

NÚM. DE PRAZAS TEMPORAIS: 1

DENOMINACIÓN: PEÓN-CONDUTOR DA BRIGADA DE INCENDIOS

XORNADA DE TRABALLO: Xornada completa

DURACIÓN DO CONTRATO: Ata o 16 de outubro de 2023

RETRIBUCIÓNS: As retribucións a percibir serán as corresponden á praza consonte ao establecido nos art. 23 e seguintes do vixente Convenio Colectivo do Persoal Laboral do Concello de Xove .

3.- Normativa de aplicación.

Artigo 11 do E.B.E.P.: “É persoal laboral o que en virtude de contrato de traballo formalizado por escrito, en calquera das modalidades de contratación de persoal previstas na lexislación laboral presta servizos retribuídos polas Administracións Públicas. En función da duración do contrato, este poderá ser fixo, por tempo indefinido ou temporal

- Artigo 55.1 do E.B.E.P.: “*Todos os cidadáns teñen dereito ao acceso ao emprego público de acordo cos principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade, e de acordo co previsto no presente Estatuto e no resto do ordenamento xurídico*”.

- Artigo 55.2 do E.B.E.P.: “*As Administracións Públicas, entidades e organismos a que se refire o artigo 2 do presente Estatuto seleccionarán ao seu persoal funcionario e laboral mediante procedementos nos que se garantan os principios constitucionais antes expresados, así como os establecidos a continuación:*

a) Publicidade das convocatorias e das súas bases.

b) Transparencia.

c) Imparcialidade e profesionalidade dos membros dos órganos de selección.

d) Independencia e discrecionalidade técnica na actuación dos órganos de selección.

e) Adecuación entre o contido dos procesos selectivos e as funcións ou tarefas a desenvolver.

f) Axilidade, sen prexuízo da obxectividade, nos procesos de selección.”.

- Artigo 91.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, que sinala: “*A selección de todo o persoal, sexa funcionario ou laboral, debe realizarse de acordo coa oferta de emprego público, mediante convocatoria pública e a través do sistema de concurso- oposición ou concurso- oposición libre, nos que se garantan, en todo caso, os principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade, así como o de publicidade*”.

-Artigo 177 do RDL 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das Disposicións Legais vixentes en materia de Réxime Local: “*A selección do persoal laboral réxese polo establecido polo artigo 103 da Lei 7/1985, de 2 de abril.*

-D.A. 5ª do Real Decreto-lei 32/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo:

“Disposición adicional quinta. Contratación no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia e Fondos da Unión Europea.

Poderanse subscribir contratos de duración determinada por parte das entidades que integran o sector público, reguladas no artigo 2 da Real Decreto-lei 36/2020, do 30 de decembro, polo que se aproban medidas urxentes para a modernización da Administración Pública e para a execución do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, sempre que devanditos contratos atópanse asociados á estrita execución de Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia e só polo tempo necesario para a execución dos citados proxectos.

O disposto no parágrafo anterior será tamén de aplicación para a subscripción de contratos de duración determinada que resulten necesarios para a execución de programas de carácter temporal cuxa financiamento proveña de fondos da Unión Europea”

Os citados contratos realizaranse de acordo con os principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade e nos termos establecidos na Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público”.

4.- SISTEMA DE SELECCIÓN.

O sistema de selección será o de **CONCURSO-OPOSICIÓN**, de acordo co establecido no R.D. 896/91, polo que se establecen as regras básicas e programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios de Administración Local, e ao determinado no artigo 74.1 do RD 364/95 de 10 de marzo, xa que

este sistema permite valorar, ademais dos coñecementos, a experiencia e formación complementaria, relacionados co contido funcional da praza.

5.- REQUISITOS

Para tomar parte nestas probas selectivas será necesario reunir na data de remate do prazo sinalado para a presentación de instancias, os seguintes requisitos:

5.1.- Requisitos Xerais:

a) Nacionalidade: Ter nacionalidade española ou ter nacionalidade doutro Estado co alcance que se sinala no artigo 57 do E.B.E.P.

b) Capacidade: Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas da praza.

c) Idade: Ter cumpridos dezaoto anos e non exceder, se é o caso, da idade máxima de xubilación forzosa.

d) Habilitación: Non ter sido separadas mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no seu caso o persoal laboral, no que estiveran separadas ou inhabilitadas. No caso de seren nacionais doutro Estado, non atoparse inhabilitadas ou en situación equivalente nin ter sido sometidas a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.

5.2.-Requisitos específicos:

De acordo co apartado c) do artigo 135 do RD Legislativo 781/86, de 18 de abril; e co apartado e) do artigo 56 do E.B.E.P., será necesario estar en posesión ou en condicións de obtelo na data na que remate o prazo de presentación de solicitudes dalgún dos títulos académicos, para o acceso libre á praza convocada, que se sinalan:

-Graduado en E.S.O., Certificado de Escolaridade ou equivalente

-Carné de conducir B1

Non se esixe a acreditación do coñecemento da lingua galega toda vez que se trata de prazas de persoal laboral temporal cuxas funcións non implican relacións directas cos cidadáns nin tarefa ningunha de carácter administrativo senon que son tarefas estritamente manuais ou mecánicas.

6. PUBLICACIÓN.

O extracto da convocatoria e das Bases publicaranse no Boletín Oficial da Provincia de Lugo (BOP) e no Taboleiro de Anuncios da Sede Electrónica do concello de Xove (<https://xove.sedelectronica.gal>). A data de publicación no B.O.P. abrirá o prazo de presentación de solicitudes.

7. SOLICITUDES.

Instancias e documentación adicional. As persoas interesadas poderán participar no presente proceso selectivo mediante unha solicitude que estará dispoñible na Sede Electrónica do Concello de Xove unha vez iniciado o prazo para a presentación de instancias.

-Os erros de feito, materiais ou aritméticos que se poideran advertir, poderán subsanarse en calquera momento, de oficio ou a petición do interesado.

-Os aspirantes quedan vinculados aos datos que teñan feito constar na súa solicitude, podendo unicamnete demandar a súa modificación mediante escrito motivado dentro do prazo establecido para a presentación de solicitudes.

-As persoas con discapacidade con grao de minusvalía igual ou superior ao 33% que o soliciten deberán formular petición concreta na solicitude de participación na que se reflexen as necesidades específicas que ten o candidato/a para acceder ao proceso de selección en igualdade de condicións. Co fin de que o tribunal poda resolver con obxectividade a solicitude plantexada, o interesado deberá adxuntar ditame técnico facultativo emitido polo órgano técnico de valoración que ditmainou o grao de minusvalía.

Xunto coa instancia deberá presentarse a seguinte documentación:

a) Fotocopia compulsada dos documentos acreditativos da nacionalidade da persoa aspirante: DNI, pasaporte, tarxeta de residencia, así como calquera outro documento acreditativo da nacionalidade co alcance do establecido no artigo 57 do E.B.E.P.

b) Acreditación do grao de discapacidade igual ou superior ao 33%. Esta acreditación presentarase no suposto de que a persoa aspirante solicite a adaptación de probas na solicitude de participación. Ante a petición efectuada o Tribunal resolverá a conveniencia ou non de admitir a adaptación, tendo en conta o sinalado na Orde 1822/2006, de 9 de xuño, pola que se establecen criterios xerais para a adaptación de tempos adicionais nos procesos selectivos para o acceso ao emprego público de persoas con discapacidade e a proba a realizar

c) **Fotocopia da titulación académica** esixida nos requisitos específicos ou, no seu defecto, certificación académica dos estudos realizados á que necesariamente se acompañará a acreditación do pagamento dos dereitos de expedición da correspondente titulación.

d) **Documentación acreditativa dos méritos a valorar na fase do concurso.**

Deberá presentarse a documentación acreditativa dos méritos recollidos na Base 11.2, do seguinte xeito:

-O desempeño das funcións de peón-condutor de brigada de incendios ou denominación que inclúa a realización das tarefas propias da praza convocada como funcionario ou contratado laboral en calquera administración pública ou organismo público, acreditarase mediante certificación expedida polo Técnico competente de dita Administración ou organismo na que se certifique o tempo traballado na mesma desempeñado as funcións de peón-condutor de brigada de incendios ou denominación que inclúa a realización das tarefas propias da praza convocada. Aportarase igualmente informe de vida laboral

Non acreditar os méritos tal e como se sinala, acreditarlos de forma insuficiente, a xuízo do Tribunal, ou presentalos fóra do prazo de presentación de solicitudes, non será emendable, polo que non serán tidos en conta polo Tribunal.

Prazo de presentación. Este será de TRES DÍAS HÁBILES contados a partir do día seguinte ao da publicación Do extracto da convocatoria e das bases no B.O.P.

A presentación da documentación requerida fóra de prazo suporá a exclusión do procedemento.

Lugar de presentación:

A) De xeito presencial no Rexistro Xeral do Concello en horario de 9.00 a 14.00 horas en días laborables (Luns a Venres)

B) A través de medios telemáticos na Sede Electrónica do Concello de Xove

C) Por calquera das formas que determina o artigo 16.4 da L 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

A participación neste proceso implica a aceptación íntegra destas bases.

Se en calquera momento do proceso selectivo se constatase que os aspirante incurriu en falsidade na documentación aportada ou na declaración na que asegura estar en posesión de determinada documentación, o órgano competente procederá a excluílo do proceso selectivo.

Consentimento ao tratamento de datos persoais: Coa formalización e presentación da solicitude, as persoas aspirantes darán o consentimento expreso ao tratamento dos datos de carácter persoal necesarios para tomar parte na convocatoria e para o resto de tramitación do proceso selectivo, consonte a normativa vixente.

8. LISTAXE DE PERSOAS ADMITIDAS E EXCLUÍDAS.

Listaxe provisional. Rematado o prazo de presentación de solicitudes, a Alcaldía ditará resolución na que se aprobe a listaxe provisional das persoas admitidas e, se é o caso, excluídas. A dita resolución publicarase no Taboleiro de Anuncios da Sede Electrónica do Concello (<https://xove.sedelectronica.gal>)

Prazo de alegacións. O prazo para que as persoas excluídas poidan alegar o que consideren será de 2 días hábiles a contar dende a publicación da resolución que aprobe a lista provisional no Taboleiro de Anuncios da Sede Electrónica. O dito prazo poderá ampliarse a 3 días no suposto que se observe a imposibilidade do aspirante de presentar os documentos necesarios para a súa inclusión na listaxe definitiva.

Listaxe definitiva. De considerar as alegacións presentadas, aprobarase a lista definitiva, que se publicará nos mesmos lugares que a provisional.

De non existir alegacións á listaxe provisional, entenderase definitiva sen necesidade de nova publicación.

Recursos contra a listaxe definitiva. Contra a resolución que aprobe a listaxe definitiva, as persoas interesadas poderán interpoñer, con carácter potestativo, recurso de reposición, diante da Alcaldía, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á publicación da mesma na Sede Electrónica ou recurso contencioso-administrativo, diante do xulgado do contencioso-administrativo, no prazo de dous meses a contar dende a citada publicación, sen prexuízo de realizar calquera outro que estime pertinente.

O feito de figurar na relación de admitidos, non prexulga que se recoñeza ás persoas participantes a posesión dos requisitos esixidos no procedemento que se convoca. Cando do contido dos documentos presentados se desprenda que non posúen algún dos requisitos decaerán de todos os seus dereitos no procedemento selectivo.

9. TRIBUNAL DE SELECCIÓN.

Composición. O Tribunal de selección acomodarse ao establecido nos artigos 60 e 61 do E.B.E.P. e estará integrado por, tendo todos eles voz e voto, agás o Secretario do Tribunal, que redactará a acta da sesión que se celebre:

-Un Presidente

-Tres vogais

-Un Secretario

Na composición do Tribunal tenderase, de ser posible, á paridade entre homes e mulleres debendo protexerse igualmente o principio de especialización a que fai referencia o artigo 4 do RD 896/1991, de 7 de xuño.

Deberá designarse un suplente por cada membro do Tribunal.

Os membros do Tribunal deberán pertencer a un corpo, escala ou categoría profesional no cal se requira unha titulación de nivel igual ou superior ao esixido para participar no proceso selectivo.

Noemamento e publicación: As persoas que integren o Tribunal, serán nomeadas mediante resolución da Alcaldía. A dita resolución publicarase na Sede Electrónica do Concello aos efectos de que os aspirantes podan formular recusación.

Abstención e recusación. Os membros do Tribunal, absteranse de intervir, comunicándollo á Alcaldía, cando concorra neles algunha das circunstancias previstas no correspondente artigo da vixente Lei do Procedemento Administrativo Común, así como, cando tivesen realizado tarefas de preparación de aspirantes durante os cinco anos anteriores á publicación desta convocatoria.

Así mesmo, as persoas interesadas poderán promover a súa recusación de acordo co sinalado na citada Lei.

Actuacións do Tribunal. O Tribunal non actuará cun quorum de asistencia inferior a tres membros, sendo sempre necesaria a asistencia dos compoñentes que exerzan as funcións da Presidencia e da Secretaría; non obstante, ante a ausencia dos titulares e/ou suplentes da Presidencia e/ou da Secretaría, poderán actuar como tales os membros asistentes, titulares e/ou suplentes, das distintas vogalías. As devanditas substitucións realizaranse utilizando a orde empregada na resolución de nomeamento dos correspondentes membros para exercer as funcións de vogais.

O Tribunal resolverá tódalas dúbidas interpretativas que xurdan para aplicación das normas contidas nas presentes Bases estando igualmente facultado para resolver as cuestións que se susciten durante a realización das probas, así como para adoptar as medidas necesarias que garantan a debida orde naquelas en todo o que non estea previsto nas bases.

Segundo as circunstancias do proceso, cando razóns técnicas ou doutra índole así o aconselle, o Tribunal, por medio da Presidencia, poderá dispor a incorporación aos seus traballos con carácter temporal, de asesores especialistas, que poderán ser persoal do Concello ou doutras administracións públicas que limitarán a súa intervención á colaboración que, en función das súas especialidades técnicas, lles solicite o Tribunal polo que actuarán con voz pero sen voto.

Os acordos do Tribunal adoptaranse conforme ao estipulado para as actuacións dos órganos colexiados na vixente Lei de Procedemento Administrativo e axustarán a súa actuación aos principios de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros así como á normativa en materia de acceso ao emprego público..

Pagamento de asistencias e indemnizacións. Os membros do Tribunal, así como os asesores e colaboradores, no seu caso, terán dereito pola súa concorrencia ás sesións ao pagamento de asistencias, gastos de desprazamentos e de manutención, de conformidade co previsto no Real Decreto 462/2002, de 24 de maio, tendo en conta as actualizacións desta vixentes na data da realización das probas.

10. CITACIÓN AOS MEMBROS DO TRIBUNAL E ÁS PERSOAS ASPIRANTES PARA LEVAR A CABO O PROCESO SELECTIVO.

A citación ao Tribunal e ás persoas aspirantes para a realización da proba da fase de oposición publicarase no Taboleiro de Anuncios da Sede Electrónica cunha antelación mínima de 24 horas á hora da súa celebración..

As persoas aspirantes presentaranse ás probas previstas do DNI ou documento fidedigno acreditativo da súa identidade, podendo ser requeridos en calquera momento polo Tribunal.

11.- DESENVOLVEMENTO DO PROCESO SELECTIVO: CONCURSO- OPOSICIÓN.

11.1.- FASE DE OPOSICIÓN: (TOTAL 60 puntos)

1. O procedemento de selección, na Fase de Oposición, constará dun exercicio que consistirá en responder a 20 preguntas tipo test (máis dúas preguntas de reserva) relacionadas coas tarefas propias da praza que se convoca contidas no Programa de Acceso que figura como Anexo I. Este exercicio terá unha puntuación máxima de 60 puntos.

2. Cada pregunta terá tres respostas posibles, das cales, só unha é correcta.

O tempo para a realización da proba será de 60 minutos

Pregunta acertada: 3 puntos.

Pregunta incorrecta: - 0 ´ 10 puntos

Pregunta non contestada: 0 puntos.

Durante o tempo fixado para a realización do exercicio non se poderán usar nin manipular de ningunha maneira aparatos de telefonía móbil, ordenadores ou similares, nin ningún tipo de material de apoio que non estea expresamente autorizado para o exercicio no que resulte necesario. O incumprimento suporá a exclusión do procedemento de selección por parte do Tribunal.

A fase de oposición é obrigatoria e eliminatoria debendo obterse para a súa superación un mínimo de 30 puntos.

11.2. FASE DE CONCURSO (TOTAL 40 puntos).

Unicamente se valorarán os méritos correcta e debidamente aportados xunto coa instancia e que estivesen documentalmente xustificadas. Non se valorarán os méritos acreditados que non estean relacionados, a xuízo do Tribunal, coas funcións da praza sinalada na Base 2.

11.2.1. Experiencia profesional (Total 40 puntos)

1.- Valorarase o tempo de desempeño das funcións de peón-condutor de brigada de incendios ou denominación que inclúa a realización das tarefas propias da praza convocada como funcionario ou contratado laboral en calquera administración pública ou organismo público ata un máximo de 40 puntos a razón de 2 puntos por mes completo traballado.

A acreditación da experiencia realizarase consonte o establecido na letra d) relativa á Forma de acreditación dos méritos da Base 7.

11.3. NORMAS DE DESENVOLVEMENTO DO PROCESO.

a) Fase de oposición

O Tribunal requirirá, ao inicio de cada proba da fase de oposición a identificación dos aspirantes, a cuxo fin deberán estar provistos no D.N.I. ou calquera outro documento acreditativo da súa identidade.

No suposto de que algún tema dos integrantes no temario que figura como Anexo I se vise afectado por algunha modificación, ampliación ou derogación normativa, esixirase en todo caso a normativa vixente no momento da realización das respectivas probas.

A fase de oposición garantirá o anonimato dos candidatos e a tal efecto cada aspirante, unha vez identificado con carácter previo ao comenzo das probas, seleccionará aleatoriamente un sobre no que figurará un código, que deberá reservarse para sí, facendo constar dito código no exame no que consista a fase de oposición. En dito sobre igualmente deberán encherse os datos identificativos do candidato (nome, D.N.I. e sinatura) así como o código que lle corresponde. Os sobres cos datos identificativos e os códigos asignados a cada aspirante, unha vez pechado polos candidatos, serán entregados ao Tribunal, quen os custodiará, debidamente pechados, ata a súa apertura en acto público unha vez rematado o proceso de selección, que será o mesmo día de celebración do exercicio de carácter teórico. O Tribunal excluírá a aqueles candidatos en cuxos exercicios figuren marcas ou signos que permitan coñecer a identidade do opositor.

b) Fase de concurso

Rematada a fase de oposición, procederase a realizar a fase de concurso aos/ás aspirantes que superaran a fase de oposición.

No caso de que os documentos aportados non xustifiquen plenamente os méritos alegados dando lugar a dúbidas ao Tribunal, os mesmos non se terán en conta e non serán valorados nin puntuados.

Unha vez celebrado o exercicio, o Tribunal fará pública o modelo coa relación das respostas correctas do exame da fase de oposición, con carácter provisional, elevándose a definitiva tras o estudo das alegacións ou reclamacións. A publicación efectuarase na Sede Electrónica do Concello.

Calquera outra alegación, suxestión, reclamación ou petición de revisión sobre a puntuación outorgada polo Tribunal ou calquera outra circunstancia relativa ao desenvolvemento das probas, poderase alegar durante os dous días naturais seguintes á publicación da correspondente acta, sendo o Tribunal quen decida sobre as mesmas.

Como resultado do proceso levantarase a correspondente Acta, que será asinada por todos os membros do Tribunal.

Os aspirantes aprobados que non obteñan praza pasarán a constituir unha lista de reserva para o caso de baixa durante o período de contratación dalgún dos aspirantes seleccionados.

12. CUALIFICACIÓN FINAL.

A cualificación final establecerá a orde definitiva das persoas aspirantes que superaron o procedemento selectivo. A cualificación final virá determinada pola suma das puntuacións obtidas na fase de concurso e a obtida na fase de oposición.

No caso de empate a orde dos aspirantes establecerase atendendo aos seguintes criterios:

1º.- Maior puntuación obtida na fase de oposición

2º.- Maior puntuación na fase de concurso

3º.- Maior puntuación obtida nas preguntas de reserva do exercicio teórico da fase de oposición. No suposto de que o Tribunal, de oficio ou a instancia de parte, teña acordado a anulación dalgunha pregunta e a súa substitución pola de reserva, aos efectos do desempate, só se terán en conta as contestacións ás preguntas de reserva restantes.

4º.- Se aínda así persistise o empate, o Tribunal celebrará unha proba a realizar ente os aspirantes empatados, na data e hora que se comunicará previamente e consistirá nunha proba tipo test de características similares á descrita na Base 11.1.

Calquera alegación, suxerencia, reclamación ou petición de revisión sobre a puntuación outorgada polo Tribunal no concurso, poderase alegar durante os tres días naturais seguintes á publicación das calificacións finais e será o Tribunal o que decida sobre as mesmas no prazo dos cinco días naturais seguintes á finalización do periodo de exposición pública, reseñándoo na correspondente acta. Unha vez resoltas as reclamacións, o Tribunal publicará as calificacións finais definitivas tanto do concurso como da oposición.

O Tribunal remitirá á Alcaldía, ao obxecto da oportuna contratación, a relación de aspirantes de maior puntuación e en número igual ao número de prazas convocadas (unha). Non obstante, para asegurarse a cobertura da praza convocada, o órgano convocante poderá requirir do órgano de selección a relación complementaria dos aspirantes aprobados que sigan ao proposto, cando se produza algunha das seguintes circunstancias:

- a) Que se rexistre a renuncia expresa antes da toma de posesión ou que teña lugar outro feito que impida a toma de posesión do aspirante que teña superado o proceso selectivo.
- b) Que o aspirante que superase o proceso selectivo non presente a documentación esixida ou do exame desta se deduza que carece dos requisitos esixidos na convocatoria.

13.- PRESENTACIÓN DE DOCUMENTACIÓN E RESOLUCIÓN DO PROCESO SELECTIVO

O aspirante seleccionado presentará no Departamento de Persoal do Concello de Xove os seguintes documentos mediante copias compulsadas ou, se é o caso, orixinais:

- a) Fotocopia cotexada da tarxeta da Seguridade Social e número de conta bancaria.
- b) No caso de ter a condición de discapacitado deberá presentar a certificación acreditativa do grado de discapacidade, tendo facultade a Entidade para que solicite ao órgano competente a compatibilidade para desempeño funcional da praza/posto/emprego.

Prazo de presentación. O prazo de presentación será de 1 día hábil contado a partir do día seguinte á publicación das calificacións finais definitivas, prazo que poderá ampliarse cando as persoas seleccionadas acrediten que non puideron presentar algún documento por causas alleas á súa vontade.

Unha vez presentada a documentación a que se refiren os parágrafos anteriores, sendo esta correcta, a Alcaldía resolverá o procedemento selectivo co nomeamento do aspirante seleccionado.

Quen dentro do prazo indicado, e salvo os casos de forza maior, non presentasen a documentación ou da mesma deducíse que carecen dalgún dos requisitos esixidos, non poderán ser nomeados, quedando anuladas todas as súas actuacións, sen prexuízo da responsabilidade en que poidesen incorrer por falsidade nas súas solicitudes de participación.

Se o candidato seleccionado non fose cotratado, ben por desistimiento ou por non reunir os requisitos esixidos, poderá nomearse ao seguinte candidato, por estrita orde de prelación, que superase o proceso de selección.

14. SINATURA DO CONTRATO

Unha vez resolto o proceso selectivo deberá realizarse a sinatura do correspondente contrato laboral de duración determinada.

15. DEREITO SUPLETORIO E XURISDICIÓN.

No non sinalado nas presentes bases, estarase ao establecido na normativa básica sobre selección de persoal ao servizo da Administración Local e demais normas que resulten de aplicación.

16. RECURSOS.

As presentes bases vinculan á Administración, ao Tribunal de Selección e a quen participe no proceso de selección, e tanto a presente convocatoria coma as súas bases e cantos actos administrativos se deriven dela e das actuacións do Tribunal de Selección poderán ser impugnadas polos interesados nos casos e formas que determine a Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, así como no seu caso, na Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora das Xurisdicción Contencioso-Administrativa.

ANEXO I**PROGRAMA DE ACCESO**

TEMA 1.- A Constitución Española de 1978. Estrutura e principios xerais

TEMA 2.- O Alcalde: competencias. O Concello Pleno: composición e funcións. A Xunta de Goberno Local: composición e funcións.

TEMA 3.- A defensa contra incendios forestais en Galicia. Actuacións preventivas

TEMA 4.- A seguridade do persoal en tarefas de vixilancia. Riscos, medidas preventivas e normas de seguridade. Prevención de accidentes

TEMA 5.- Vixilancia e detección de incendios forestais. Extinción e investigación de incendios forestais.

”.

SEGUNDO. Publicar a preceptiva convocatoria co texto íntegro das bases reguladoras das probas selectivas no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de Anuncios da Sede electrónica deste Concello.

Xove 17 de Xuño de 2023- O Alcalde, Jose Demetrio Salgueiro Rapa. O Secretario, Víctor Voces López.

R. 2349

Anuncio**Persoal Laboral Temporal para o Convenio de Incendios 2023 (3 meses) – 1 Peón/oa de Brigada.**

Por Decreto de Alcaldía de 14 de Xullo de 2023, aprobáronse as bases específicas para a contratación de **1 Peón/oa de Brigada Contraincendios** en réxime de persoal laboral temporal a xornada completa, que a seguir se transcriben na súa integridade:

“BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA PARA A PROVISIÓN, COMO PERSOAL LABORAL TEMPORAL DA 5ª DO REAL DECRETO-LEI 32/2021, DO 28 DE DECEMBRO, DE MEDIDAS URXENTES PARA A REFORMA LABORAL, A GARANTÍA DA ESTABILIDADE NO EMPREGO E A TRANSFORMACIÓN DO MERCADO DE TRABALLO, DE UNHA PRAZA DE PEÓN PARA A BRIGADA DE INCENDIOS, POLO SISTEMA DE CONCURSO-OPOSICIÓN LIBRE

1.- OBXECTO DA CONVOCATORIA.

O obxecto desta convocatoria é proceder a convocar o proceso selectivo para a provisión con carácter temporal mediante o concurso-oposición de unha praza de peón da brigada de incendios que debe estar operativa durante 3 meses segundo o Convenio asinado coa Consellería do Medio Rural.

2.- CARACTERÍSTICAS DA PRAZA.

GRUPO: AP

NIVEL C.D.: 11

NÚM. DE PRAZAS TEMPORAIS: 1

DENOMINACIÓN: PEÓN DA BRIGADA DE INCENDIOS

XORNADA DE TRABALLO: Xornada completa

DURACIÓN DO CONTRATO: Ata o 16 de outubro de 2023

RETRIBUCIÓN: As retribucións a percibir serán as corresponden á praza consonte ao establecido nos art. 23 e seguintes do vixente Convenio Colectivo do Persoal Laboral do Concello de Xove .

3.- Normativa de aplicación.

Artigo 11 do E.B.E.P.: “É persoal laboral o que en virtude de contrato de traballo formalizado por escrito, en calquera das modalidades de contratación de persoal previstas na lexislación laboral presta servizos retribuídos polas Administracións Públicas. En función da duración do contrato, este poderá ser fixo, por tempo indefinido ou temporal

- Artigo 55.1 do E.B.E.P.: “*Todos os cidadáns teñen dereito ao acceso ao emprego público de acordo cos principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade, e de acordo co previsto no presente Estatuto e no resto do ordenamento xurídico*”.

- Artigo 55.2 do E.B.E.P.: “*As Administracións Públicas, entidades e organismos a que se refire o artigo 2 do presente Estatuto seleccionarán ao seu persoal funcionario e laboral mediante procedementos nos que se garantan os principios constitucionais antes expresados, así como os establecidos a continuación:*

a) *Publicidade das convocatorias e das súas bases.*

b) *Transparencia.*

c) *Imparcialidade e profesionalidade dos membros dos órganos de selección.*

d) *Independencia e discrecionalidade técnica na actuación dos órganos de selección.*

e) *Adecuación entre o contido dos procesos selectivos e as funcións ou tarefas a desenvolver.*

f) *Axilidade, sen prexuízo da obxectividade, nos procesos de selección.”.*

- Artigo 91.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, que sinala: “A selección de todo o persoal, sexa funcionario ou laboral, debe realizarse de acordo coa oferta de emprego público, mediante convocatoria pública e a través do sistema de concurso, oposición ou concurso- oposición libre, nos que se garantan, en todo caso, os principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade, así como o de publicidade”.

-Artigo 177 do RDL 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das Disposicións Legais vixentes en materia de Réxime Local: “ A selección do persoal laboral réxese polo establecido polo artigo 103 da Lei 7/1985, de 2 de abril.

-D.A. 5ª do Real Decreto-lei 32/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo:

“Disposición adicional quinta. Contratación no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia e Fondos da Unión Europea.

Poderanse subscribir contratos de duración determinada por parte das entidades que integran o sector público, reguladas no artigo 2 da Real Decreto-lei 36/2020, do 30 de decembro, polo que se aproban medidas urxentes para a modernización da Administración Pública e para a execución do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, sempre que devanditos contratos atópense asociados á estrita execución de Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia e só polo tempo necesario para a execución dos citados proxectos.

O disposto no parágrafo anterior será tamén de aplicación para a subscrición de contratos de duración determinada que resulten necesarios para a execución de programas de carácter temporal cuxa financiamento proveña de fondos da Unión Europea”

Os citados contratos realizaranse de acordo con os principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade e nos termos establecidos na Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público”.

4.- SISTEMA DE SELECCIÓN.

O sistema de selección será o de **CONCURSO-OPOSICIÓN**, de acordo co establecido no R.D. 896/91, polo que se establecen as regras básicas e programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios de Administración Local, e ao determinado no artigo 74.1 do RD 364/95 de 10 de marzo, xa que este sistema permite valorar, ademais dos coñecementos, a experiencia e formación complementaria, relacionados co contido funcional da praza.

5.- REQUISITOS

Para tomar parte nestas probas selectivas será necesario reunir na data de remate do prazo sinalado para a presentación de instancias, os seguintes requisitos:

5.1.- Requisitos Xerais:

a) Nacionalidade: Ter nacionalidade española ou ter nacionalidade doutro Estado co alcance que se sinala no artigo 57 do E.B.E.P.

b) Capacidade: Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas da praza.

c) Idade: Ter cumpridos dezaoto anos e non exceder, se é o caso, da idade máxima de xubilación forzosa.

d) Habilitación: Non ter sido separadas mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no seu caso o persoal laboral, no que estiveran separadas ou inhabilitadas. No caso de seren nacionais doutro Estado, non atoparse inhabilitadas ou en situación equivalente nin ter sido sometidas a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.

5.2.-Requisitos específicos:

De acordo co apartado c) do artigo 135 do RD Lexislativo 781/86, de 18 de abril; e co apartado e) do artigo 56 do E.B.E.P., será necesario estar en posesión ou en condicións de obtelo na data na que remate o prazo de presentación de solicitudes dalgún dos títulos académicos, para o acceso libre á praza convocada, que se sinalan:

-Graduado en E.S.O., Certificado de Escolaridade ou equivalente

Non se exige a acreditación do coñecemento da lingua galega toda vez que se trata de prazas de persoal laboral temporal cuxas funcións non implican relacións directas cos cidadáns nin tarefa ningunha de carácter administrativo senon que son tarefas estritamente manuais ou mecánicas.

6. PUBLICACIÓN.

O extracto da convocatoria e das Bases publicaranse no Boletín Oficial da Provincia de Lugo (BOP) e no Taboleiro de Anuncios da Sede Electrónica do concello de Xove (<https://xove.sedelectronica.gal>). A data de publicación no B.O.P. abrirá o prazo de presentación de solicitudes.

7. SOLICITUDES.

Instancias e documentación adicional. As persoas interesadas poderán participar no presente proceso selectivo mediante unha solicitude que estará dispoñible na Sede Electrónica do Concello de Xove unha vez iniciado o prazo para a presentación de instancias.

-Os erros de feito, materiais ou aritméticos que se poideran advertir, poderán subsanarse en calquera momento, de oficio ou a petición do interesado.

-Os aspirantes quedan vinculados aos datos que teñan feito constar na súa solicitude, podendo unicamente demandar a súa modificación mediante escrito motivado dentro do prazo establecido para a presentación de solicitudes.

-As persoas con discapacidade con grao de minusvalía igual ou superior ao 33% que o soliciten deberán formular petición concreta na solicitude de participación na que se reflexen as necesidades específicas que ten o candidato/a para acceder ao proceso de selección en igualdade de condicións. Co fin de que o tribunal poda resolver con obxectividade a solicitude plantexada, o interesado deberá adxuntar ditame técnico facultativo emitido polo órgano técnico de valoración que ditmainou o grao de minusvalía.

Xunto coa instancia deberá presentarse a seguinte documentación:

a) **Fotocopia compulsada dos documentos acreditativos da nacionalidade da persoa aspirante:** DNI, pasaporte, tarxeta de residencia, así como calquera outro documento acreditativo da nacionalidade co alcance do establecido no artigo 57 do E.B.E.P.

b) **Acreditación do grao de discapacidade igual ou superior ao 33%.** Esta acreditación presentarase no suposto de que a persoa aspirante solicite a adaptación de probas na solicitude de participación. Ante a petición efectuada o Tribunal resolverá a conveniencia ou non de admitir a adaptación, tendo en conta o sinalado na Orde 1822/2006, de 9 de xuño, pola que se establecen criterios xerais para a adaptación de tempos adicionais nos procesos selectivos para o acceso ao emprego público de persoas con discapacidade e a proba a realizar

c) **Fotocopia da titulación académica** esixida nos requisitos específicos ou, no seu defecto, certificación académica dos estudos realizados á que necesariamente se acompañará a acreditación do pagamento dos dereitos de expedición da correspondente titulación.

d) **Documentación acreditativa dos méritos a valorar na fase do concurso.**

Deberá presentarse a documentación acreditativa dos méritos recollidos na Base 11.2, do seguinte xeito:

-O desempeño das funcións de peón de brigada de incendios ou denominación que inclúa a realización das tarefas propias da praza convocada como funcionario ou contratado laboral en calquera administración pública ou organismo público, acreditarase mediante certificación expedida polo Técnico competente de dita Administración ou organismo na que se certifique o tempo traballado na mesma desempeñado as funcións de peón de brigada de incendios ou denominación que inclúa a realización das tarefas propias da praza convocada. Aportarase igualmente informe de vida laboral

Non acreditar os méritos tal e como se sinala, acreditarlos de forma insuficiente, a xuízo do Tribunal, ou presentalos fóra do prazo de presentación de solicitudes, non será emendable, polo que non serán tidos en conta polo Tribunal.

Prazo de presentación. Este será de TRES DÍAS HÁBILES contados a partir do día seguinte ao da publicación Do extracto da convocatoria e das bases no B.O.P.

A presentación da documentación requerida fóra de prazo suporá a exclusión do procedemento.

Lugar de presentación:

A) De xeito presencial no Rexistro Xeral do Concello en horario de 9.00 a 14.00 horas en días laborables (Luns a Venres)

B) A través de medios telemáticos na Sede Electrónica do Concello de Xove

C) Por calquera das formas que determina o artigo 16.4 da L 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

A participación neste proceso implica a aceptación íntegra destas bases.

Se en calquera momento do proceso selectivo se constatase que os aspirante incurríu en falsidade na documentación aportada ou na declaración na que asegura estar en posesión de determinada documentación, o órgano competente procederá a excluílo do proceso selectivo.

Consentimento ao tratamento de datos persoais: Coa formalización e presentación da solicitude, as persoas aspirantes darán o consentimento expreso ao tratamento dos datos de carácter persoal necesarios para tomar parte na convocatoria e para o resto de tramitación do proceso selectivo, consonte a normativa vixente.

8. LISTAXE DE PERSOAS ADMITIDAS E EXCLUÍDAS.

Listaxe provisional. Rematado o prazo de presentación de solicitudes, a Alcaldía ditará resolución na que se aprobe a listaxe provisional das persoas admitidas e, se é o caso, excluídas. A dita resolución publicarase no Taboleiro de Anuncios da Sede Electrónica do Concello (<https://xove.sedelectronica.gal>)

Prazo de alegacións. O prazo para que as persoas excluídas poidan alegar o que consideren será de 2 días hábiles a contar dende a publicación da resolución que aprobe a lista provisional no Taboleiro de Anuncios da Sede Electrónica. O dito prazo poderá ampliarse a 3 días no suposto que se observe a imposibilidade do aspirante de presentar os documentos necesarios para a súa inclusión na listaxe definitiva.

Listaxe definitiva. De considerar as alegacións presentadas, aprobarase a lista definitiva, que se publicará nos mesmos lugares que a provisional.

De non existir alegacións á listaxe provisional, entenderase definitiva sen necesidade de nova publicación.

Recursos contra a listaxe definitiva. Contra a resolución que aprobe a listaxe definitiva, as persoas interesadas poderán interpoñer, con carácter potestativo, recurso de reposición, diante da Alcaldía, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á publicación da mesma na Sede Electrónica ou recurso contencioso-administrativo, diante do xulgado do contencioso-administrativo, no prazo de dous meses a contar dende a citada publicación, sen prexuízo de realizar calquera outro que estime pertinente.

O feito de figurar na relación de admitidos, non prexulga que se recoñeza ás persoas participantes a posesión dos requisitos esixidos no procedemento que se convoca. Cando do contido dos documentos presentados se desprenda que non posúen algún dos requisitos decaerán de todos os seus dereitos no procedemento selectivo.

9. TRIBUNAL DE SELECCIÓN.

Composición. O Tribunal de selección acomodarse ao establecido nos artigos 60 e 61 do E.B.E.P. e estará integrado por, tendo todos eles voz e voto, agás o Secretario do Tribunal, que redactará a acta da sesión que se celebre:

-Un Presidente

-Tres vogais

-Un Secretario

Na composición do Tribunal tenderase, de ser posible, á paridade entre homes e mulleres debendo protexerse igualmente o principio de especialización a que fai referencia o artigo 4 do RD 896/1991, de 7 de xuño.

Deberá designarse un suplente por cada membro do Tribunal.

Os membros do Tribunal deberán pertencer a un corpo, escala ou categoría profesional no cal se requira unha titulación de nivel igual ou superior ao esixido para participar no proceso selectivo.

Noemamento e publicación: As persoas que integren o Tribunal, serán nomeadas mediante resolución da Alcaldía. A dita resolución publicarase na Sede Electrónica do Concello aos efectos de que os aspirantes podan formular recusación.

Abstención e recusación. Os membros do Tribunal, absteranse de intervir, comunicándollo á Alcaldía, cando concorran neles algunha das circunstancias previstas no correspondente artigo da vixente Lei do Procedemento Administrativo Común, así como, cando tivesen realizado tarefas de preparación de aspirantes durante os cinco anos anteriores á publicación desta convocatoria.

Así mesmo, as persoas interesadas poderán promover a súa recusación de acordo co sinalado na citada Lei.

Actuacións do Tribunal. O Tribunal non actuará cun quorum de asistencia inferior a tres membros, sendo sempre necesaria a asistencia dos compoñentes que exerzan as funcións da Presidencia e da Secretaría; non obstante, ante a ausencia dos titulares e/ou suplentes da Presidencia e/ou da Secretaría, poderán actuar como tales os membros asistentes, titulares e/ou suplentes, das distintas vogalías. As devanditas substitucións realizaranse utilizando a orde empregada na resolución de nomeamento dos correspondentes membros para exercer as funcións de vogais.

O Tribunal resolverá tódalas dúbidas interpretativas que xurdan para aplicación das normas contidas nas presentes Bases estando igualmente facultado para resolver as cuestións que se susciten durante a realización das probas, así como para adoptar as medidas necesarias que garantan a debida orde naquelas en todo o que non estea previsto nas bases.

Segundo as circunstancias do proceso, cando razóns técnicas ou doutra índole así o aconselle, o Tribunal, por medio da Presidencia, poderá dispor a incorporación aos seus traballos con carácter temporal, de asesores especialistas, que poderán ser persoal do Concello ou doutras administracións públicas que limitarán a súa intervención á colaboración que, en función das súas especialidades técnicas, lles solicite o Tribunal polo que actuarán con voz pero sen voto.

Os acordos do Tribunal adoptaranse conforme ao estipulado para as actuacións dos órganos colexiados na vixente Lei de Procedemento Administrativo e axustarán a súa actuación aos principios de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros así como á normativa en materia de acceso ao emprego público..

Pagamento de asistencias e indemnizacións. Os membros do Tribunal, así como os asesores e colaboradores, no seu caso, terán dereito pola súa concorrencia ás sesións ao pagamento de asistencias, gastos de desprazamentos e de manutención, de conformidade co previsto no Real Decreto 462/2002, de 24 de maio, tendo en conta as actualizacións desta vixentes na data da realización das probas.

10. CITACIÓN AOS MEMBROS DO TRIBUNAL E ÁS PERSOAS ASPIRANTES PARA LEVAR A CABO O PROCESO SELECTIVO.

A citación ao Tribunal e ás persoas aspirantes para a realización da proba da fase de oposición publicarase no Taboleiro de Anuncios da Sede Electrónica cunha antelación mínima de 24 horas á hora da súa celebración..

As persoas aspirantes presentaranse ás probas previstas do DNI ou documento fidedigno acreditativo da súa identidade, podendo ser requeridos en calquera momento polo Tribunal.

11.- DESENVOLVEMENTO DO PROCESO SELECTIVO: CONCURSO- OPOSICIÓN.

11.1.- FASE DE OPOSICIÓN: (TOTAL 60 puntos)

1. O procedemento de selección, na Fase de Oposición, constará dun exercicio que consistirá en responder a 20 preguntas tipo test (máis dúas preguntas de reserva) relacionadas coas tarefas propias da praza que se convoca contidas no Programa de Acceso que figura como Anexo I. Este exercicio terá unha puntuación máxima de 60 puntos.

2. Cada pregunta terá tres respostas posibles, das cales, só unha é correcta.

O tempo para a realización da proba será de 60 minutos

Pregunta acertada: 3 puntos.

Pregunta incorrecta: - 0 ´ 10 puntos

Pregunta non contestada: 0 puntos.

Durante o tempo fixado para a realización do exercicio non se poderán usar nin manipular de ningunha maneira aparatos de telefonía móbil, ordenadores ou similares, nin ningún tipo de material de apoio que non estea expresamente autorizado para o exercicio no que resulte necesario. O incumprimento suporá a exclusión do procedemento de selección por parte do Tribunal.

A fase de oposición é obrigatoria e eliminatoria debendo obterse para a súa superación un mínimo de 30 puntos.

11.2. FASE DE CONCURSO (TOTAL 40 puntos).

Unicamente se valorarán os méritos correcta e debidamente aportados xunto coa instancia e que estivesen documentalmente xustificadas. Non se valorarán os méritos acreditados que non estean relacionados, a xuízo do Tribunal, coas funcións da praza sinalada na Base 2.

11.2.1. Experiencia profesional (Total 40 puntos)

1.- Valorarase o tempo de desempeño das funcións de peón de brigada de incendios ou denominación que inclúa a realización das tarefas propias da praza convocada como funcionario ou contratado laboral en calquera administración pública ou organismo público ata un máximo de 40 puntos a razón de 2 puntos por mes completo traballado.

A acreditación da experiencia realizarase consonte o establecido na letra d) relativa á Forma de acreditación dos méritos da Base 7.

11.3. NORMAS DE DESENVOLVEMENTO DO PROCESO.

a) Fase de oposición

O Tribunal requirirá, ao inicio de cada proba da fase de oposición a identificación dos aspirantes, a cuxo fin deberán estar provistos no D.N.I. ou calquera outro documento acreditativo da súa identidade.

No suposto de que algún tema dos integrantes no temario que figura como Anexo I se vise afectado por algunha modificación, ampliación ou derogación normativa, esixirase en todo caso a normativa vixente no momento da realización das respectivas probas.

A fase de oposición garantirá o anonimato dos candidatos e a tal efecto cada aspirante, unha vez identificado con carácter previo ao comenzo das probas, seleccionará aleatoriamente un sobre no que figurará un código, que deberá reservarse para sí, facendo constar dito código no exame no que consista a fase de oposición. En dito sobre igualmente deberán encherse os datos identificativos do candidato (nome, D.N.I. e sinatura) así como o código que lle corresponde. Os sobres cos datos identificativos e os códigos asignados a cada aspirante, unha vez pechado polos candidatos, serán entregados ao Tribunal, quen os custodiará, debidamente pechados, ata a súa apertura en acto público unha vez rematado o proceso de selección, que será o mesmo día de celebración do exercicio de carácter teórico. O Tribunal excluírá a aqueles candidatos en cuxos exercicios figuren marcas ou signos que permitan coñecer a identidade do opositor.

b) Fase de concurso

Rematada a fase de oposición, procederá a realizar a fase de concurso aos/ás aspirantes que superaran a fase de oposición.

No caso de que os documentos aportados non xustifiquen plenamente os méritos alegados dando lugar a dúbidas ao Tribunal, os mesmos non se terán en conta e non serán valorados nin puntuados.

Unha vez celebrado o exercicio, o Tribunal fará pública o modelo coa relación das respostas correctas do exame da fase de oposición, con carácter provisional, elevándose a definitiva tras o estudo das alegacións ou reclamacións. A publicación efectuarase na Sede Electrónica do Concello.

Calquera outra alegación, suxestión, reclamación ou petición de revisión sobre a puntuación outorgada polo Tribunal ou calquera outra circunstancia relativa ao desenvolvemento das probas, poderase alegar durante os dous días naturais seguintes á publicación da correspondente acta, sendo o Tribunal quen decida sobre as mesmas.

Como resultado do proceso levantarase a correspondente Acta, que será asinada por todos os membros do Tribunal.

Os aspirantes aprobados que non obteñan praza pasarán a constituir unha lista de reserva para o caso de baixa durante o período de contratación dalgún dos aspirantes seleccionados.

12. CUALIFICACIÓN FINAL.

A cualificación final establecerá a orde definitiva das persoas aspirantes que superaron o procedemento selectivo. A cualificación final virá determinada pola suma das puntuacións obtidas na fase de concurso e a obtida na fase de oposición.

No caso de empate a orde dos aspirantes establecerase atendendo aos seguintes criterios:

1º.- Maior puntuación obtida na fase de oposición

2º.- Maior puntuación na fase de concurso

3º.- Maior puntuación obtida nas preguntas de reserva do exercicio teórico da fase de oposición. No suposto de que o Tribunal, de oficio ou a instancia de parte, teña acordado a anulación dalgunha pregunta e a súa substitución pola de reserva, aos efectos do desempate, só se terán en conta as contestacións ás preguntas de reserva restantes.

4º.- Se aínda así persistise o empate, o Tribunal celebrará unha proba a realizar ente os aspirantes empatados, na data e hora que se comunicará previamente e consistirá nunha proba tipo test de características similares á descrita na Base 11.1.

Calquera alegación, suxerencia, reclamación ou petición de revisión sobre a puntuación outorgada polo Tribunal no concurso, poderase alegar durante os tres días naturais seguintes á publicación das calificacións finais e será o Tribunal o que decida sobre as mesmas no prazo dos cinco días naturais seguintes á finalización do período de exposición pública, reseñando na correspondente acta. Unha vez resoltas as reclamacións, o Tribunal publicará as calificacións finais definitivas tanto do concurso como da oposición.

O Tribunal remitirá á Alcaldía, ao obxecto da oportuna contratación, a relación de aspirantes de maior puntuación e en número igual ao número de prazas convocadas (unha). Non obstante, para asegurarse a cobertura da praza convocada, o órgano convocante poderá requirir do órgano de selección a relación complementaria dos aspirantes aprobados que sigan ao proposto, cando se produza algunha das seguintes circunstancias:

a) Que se rexistre a renuncia expresa antes da toma de posesión ou que teña lugar outro feito que impida a toma de posesión do aspirante que teña superado o proceso selectivo.

b) Que o aspirante que superase o proceso selectivo non presente a documentación esixida ou do exame desta se deduza que carece dos requisitos esixidos na convocatoria.

13.- PRESENTACIÓN DE DOCUMENTACIÓN E RESOLUCIÓN DO PROCESO SELECTIVO

O aspirante seleccionado presentará no Departamento de Persoal do Concello de Xove os seguintes documentos mediante copias compulsadas ou, se é o caso, orixinais:

a) Fotocopia cotexada da tarxeta da Seguridade Social e número de conta bancaria.

b) No caso de ter a condición de discapacitado deberá presentar a certificación acreditativa do grado de discapacidade, tendo facultade a Entidade para que solicite ao órgano competente a compatibilidade para desempeño funcional da praza/posto/emprego.

Prazo de presentación. O prazo de presentación será de 1 día hábil contado a partir do día seguinte á publicación das calificacións finais definitivas, prazo que poderá ampliarse cando as persoas seleccionadas acrediten que non puideron presentar algún documento por causas alleas á súa vontade.

Unha vez presentada a documentación a que se refiren os parágrafos anteriores, sendo esta correcta, a Alcaldía resolverá o procedemento selectivo co nomeamento do aspirante seleccionado.

Quen dentro do prazo indicado, e salvo os casos de forza maior, non presentasen a documentación ou da mesma deducíse que carecen dalgún dos requisitos esixidos, non poderán ser nomeados, quedando anuladas todas as súas actuacións, sen prexuízo da responsabilidade en que poidesen incorrer por falsidade nas súas solicitudes de participación.

Se o candidato seleccionado non fose cotratado, ben por desistimiento ou por non reunir os requisitos esixidos, poderá nomearse ao seguinte candidato, por estrita orde de prelación, que superase o proceso de selección.

14. SINATURA DO CONTRATO

Unha vez resolto o proceso selectivo deberá realizarse a sinatura do correspondente contrato laboral de duración determinada.

15. DEREITO SUPLETORIO E XURISDICCIÓN.

No non sinalado nas presentes bases, estarase ao establecido na normativa básica sobre selección de persoal ao servizo da Administración Local e demais normas que resulten de aplicación.

16. RECURSOS.

As presentes bases vinculan á Administración, ao Tribunal de Selección e a quen participe no proceso de selección, e tanto a presente convocatoria coma as súas bases e cantos actos administrativos se deriven dela e das actuacións do Tribunal de Selección poderán ser impugnadas polos interesados nos casos e formas que determine a Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, así como no seu caso, na Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora das Xurisdicción Contencioso-Administrativa.

ANEXO I

PROGRAMA DE ACCESO

TEMA 1.- A Constitución Española de 1978. Estrutura e principios xerais

TEMA 2.- O Alcalde: competencias. O Concello Pleno: composición e funcións. A Xunta de Goberno Local: composición e funcións.

TEMA 3.- A defensa contra incendios forestais en Galicia. Actuacións preventivas

TEMA 4.- A seguridade do persoal en tarefas de vixilancia. Riscos, medidas preventivas e normas de seguridade. Prevención de accidentes

TEMA 5.- Vixilancia e dección de incendios forestais. Extinción e investigación de incendios forestais.

”.

SEGUNDO. Publicar a preceptiva convocatoria co texto íntegro das bases reguladoras das probas selectivas no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de Anuncios da Sede electrónica deste Concello.

Xove 17 de Xuño de 2023- O Alcalde, Jose Demetrio Salgueiro Rapa. O Secretario, Víctor Voces López.

R. 2350

NOTARÍA

Anuncio

JUAN JOSÉ LÓPEZ YÁÑEZ, NOTARIO DEL ILUSTRE COLEGIO DE GALICIA CON RESIDENCIA EN SARRIA,

HAGO CONSTAR

Que en esta Notaria de Sarria, sita en la calle Gran Vía, nº9, Bajo se tramita ACTA DE PARTICIÓN CONFORME A LA LEY GALLEGA, con el fin de proceder a la partición de la herencia del causante DON JOSÉ MARÍA CARREIRA GONZÁLEZ.

Que entre los herederos de los citados causantes se encuentran los siguientes o sus herederos, todos ellos sin domicilio conocido:

DON JOSÉ CARREIRA DÍAZ

DON MANUEL CARREIRA DÍAZ

DOÑA MERCEDES CARREIRA DÍAZ

DON RAMÓN CARREIRA DÍAZ

DOÑA ALICIA CARREIRA DÍAZ

DON ISIDORO CARREIRA DÍAZ

Que se le comunica a dichos interesados o a cualquiera que tenga interés en dichas herencias lo siguiente:

Durante un plazo que finalizará en un plazo de treinta hábiles desde la publicación del presente EDICTO podrán los interesados comparecer en mi notaria, sita en la calle Gran Vía, nº9-bajo de la villa de Sarria (Lugo), en horas de despacho, para oponerse a la tramitación de la misma, proponer nuevos contadores-partidores o alegar lo que estimen oportuno en defensa de sus derechos.

Sarria 22 de junio de 2023.

R. 2276